

Parque Natural Fragas do Eume

# guía da flora

XUNTA DE GALICIA

  

Íñigo Pulgar Sañudo
Javier Amigo Vázquez
Joaquín Giménez de Azcárate Cornide

# Parque Natural Fragas do Eume
# guía da flora

**XUNTA DE GALICIA**
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Santiago de Compostela, 2016

# Teléfonos e enderezos de interese

**Parque Natural Fragas do Eume**
Centro de recepción de visitantes
Estrada Pontedeume - Mosteiro de Caaveiro, km 6, s/n
15600 Ombre - Pontedeume · A Coruña
Tlfs. 981 432 528 - 981 495 580 · fragas.eume@xunta.gal

**Servizo de Conservación da Natureza**
Edificio Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2 - 5º andar · 15008 A Coruña
Tlf. 981 184 585 · Fax 981 184 654

**Seprona:** 062 **Emerxencias:** 112

**Incendios forestais (Xunta de Galicia):** 085

**Descarga aquí a aplicación móbil de Parques Naturais e Nacionais de Galicia**
(escanea o código QR co teu móbil)

**Accede dende aquí á información do Parque Natural Fragas do Eume e a todas as publicacións en pdf**
(escanea o código QR co teu móbil)

**Edita:** Xunta de Galicia
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Dirección Xeral de Conservación da Natureza
**Autores:** Íñigo Pulgar Sañudo, Javier Amigo Vázquez e Joaquín Giménez de Azcárate
**Revisión lingüística:** Ramiro Combo
**Deseño gráfico, maquetación e xestión editorial:** mazairagrafismo, sl
**Ilustracións:** Luis Gómez Orellana
**Fotografía:** Íñigo Pulgar Sañudo, Javier Amigo Vázquez e Joaquín Giménez de Azcárate
**Depósito legal:** C 2279-2016
**ISBN:** 978-84-453-4452-1
**© Xunta de Galicia**
**© Os autores**

Reedición 2016

# Índice


**Introdución** .......... 4
**As fragas** .......... 5
**Relevo e substrato** .......... 6
**O clima** .......... 7
**Bioxeografía** .......... 8
**Mapa corolóxico de Galicia** .......... 9
**A vexetación** .......... 10
**Esquema sintético da vexetación** .......... 11
**Cómo usar esta guía** .......... 15
**Esquema sintético dunha planta** .......... 16
**Grupos temáticos** .......... 17
- Pteridófitos .......... 17
- Invasoras leñosas .......... 29
- Árbores e arbustos nemorais .......... 31
- Plantas do sotobosque con talos volubles .......... 43
- Matogueiras .......... 46
  - Papilionáceas fruticosas .......... 46
    - Xestas, codesos e piornos .......... 47
    - Papilionáceas espiñosas .......... 50
  - Breixos .......... 52
  - Outros arbustos na toxeira-breixeira .......... 58
  - Herbáceas en brañas e toxeira-breixeira .......... 60
- Herbáceas nemorais .......... 66
- Herbeiras e pradarías .......... 83
- Herbáceas higrófilas .......... 88
- Herbáceas nitrófilas .......... 94
- Rupícolas-noiros-muros .......... 99

**Índice de nomes científicos** .......... 105

# Introdución

Esta guía deseñouse na mesma liña que as realizadas para outros parques naturais de Galicia: as de Baixa Limia-Serra do Xurés, Montes do Invernadeiro, Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán e Serra da Enciña da Lastra. O lector que xa puidese utilizar algunha das anteriores atopará nesta un tipo de información e unha maneira de a expor moi similares ás das guías xa publicadas.

Quen se asome por vez primeira a esta guía deberá aceptar que o que nela se ofrece é unha información botánica sobre unha selección de especies de plantas vasculares representativas, que non exclusivas, do Parque Natural Fragas do Eume. Non se trata en ningún caso dun catálogo completo, xa que este é un traballo que aínda non se emprendeu; en calquera caso, unha lista da flora vascular do parque non debería ter menos de 500 especies, mentres que o que aquí se mostra é unha representación parcial que recolle un colectivo de 181 especies.

Quixeramos recalcar algo que mantén esta en común coas guías dos outros parques naturais galegos: o formato estreito deste libro e a necesaria brevidade nos textos descritivos das especies son unha servidume do obxectivo desta obra como "guía de peto". Pero a ordenación e a designación das especies están realizadas co máximo rigor científico, igual que a información sobre as descricións das especies ou a súa distribución; non se cita ningunha especie cuxa presenza non se confirmase nos últimos anos no territorio do parque natural.

A finalidade da obra non é outra que a de que o visitante interesado poida afondar algo máis no coñecemento do patrimonio natural que o parque atesoura, ben a través da identificación sobre o terreo das especies vexetais que poden chamar a súa atención, ben por medio do coñecemento de qué especies singulares ou de gran valor se agachan na súa espesura e precisan da persistencia dos bosques para a súa supervivencia.

# As fragas

Mentres a maioría dos parques naturais galegos levan un nome relativo a un accidente xeográfico (Serra de…, Monte…, Lagoas de…), o parque sobre o que trata esta guía leva a clara designación do seu importante contido na designación "Fragas". Este é un recoñecemento ao feito de que o contido biolóxico e primordial deste parque o constitúen os seus bosques.

O concepto de "fraga" equivale ao de bosque atlántico galego con algunhas connotacións paisaxísticas e de uso. É un bosque dominado por carballos (*Quercus robur*), coa participación doutras especies en maior ou menor medida (castiñeiro, bidueiro, acivro, abeleira, etc.), de extensión apreciable como para servir de punto de referencia nun ámbito xeográfico municipal como mínimo, e que serviu tradicionalmente ás comunidades rurais do seu contorno como fonte de madeira para a construción, de leña como combustible, de comida para animais domésticos e como reservorio de caza, pero sen que ningunha destas actividades arruinase por completo o dosel arbóreo e, polo tanto, o ambiente nemoral.

A extensión destas fragas formando un continuo de bosque é o valor engadido deste parque natural, xa que non se encontra en toda a Galicia próxima ao litoral unha superficie tal de bosque autóctono nun aceptable grao de conservación.



## Relevo e substrato

O trazado do territorio do parque ten unha definición clara: o seu eixe é o val do río Eume na maior parte do seu percorrido coruñés (nace na provincia de Lugo), sumándolle algúns vales de regatos tributarios que lle chegan pola súa esquerda. O discorrer do Eume por este traxecto leva unha dirección xeral leste-oeste, pero ademais formou un val en marcado "V", especialmente no seu tramo inferior, que propicia unhas ladeiras bastante abruptas con desniveis de ata 400 m. Outra peculiaridade deste trazado é que as ladeiras do val mostran unha diferenza solaina/avesedo moi marcada e de importante significado para algunhas especies vexetais.

Os gradientes altitudinais que se poden encontrar van desde practicamente o nivel do mar (ás portas do parque o río vese afectado pola marea) ata os 710 m nos cumios orientais que limitan administrativamente o parque, e a provincia coruñesa, coa provincia de Lugo. Ao longo do percorrido, o río Eume vai atravesando distintos materiais xeolóxicos en bandas de diferente amplitude pero que se dispoñen en sentido perpendicular ao trazado do río: unha ampla banda de granitos no tramo inferior, máis cara ao leste unha banda de ortogneis e logo unha zona de xistos do período Cámbrico. Intercalados con presenza variable, atópanse outros materiais como cuarcita, pedra de gra, filitas e incluso o chamado "ollo de sapo". Todos eles se poden englobar dentro da denominación xenérica de "materiais ácidos", polo menos desde a visión do seu papel como substrato para formar solos onde se van instalar uns tipos de vexetación que, en xeral, cualificaremos de acidófila.

Á parte do tipo de material xeolóxico, un elemento que condiciona moito a formación dos solos é a forte pendente das ladeiras. Isto produce un permanente factor de inestabilidade, máis marcado nas zonas de xistos que nas graníticas. Con todo iso, pódese falar de extensións importantes con solos profundos e húmidos grazas á abundante cobertura boscosa que se mantivo secularmente.



## O clima

As condicións climáticas que afectan ao parque pódense resumir en dúas: marcada oceanidade e elevada pluviosidade. A primeira condición significa pouco contraste entre as temperaturas extremas: nin o verán é demasiado cálido nin o inverno é demasiado frío. Estas características, combinadas coa termicidade (ausencia de xeadas), fanse especialmente favorables para algunhas especies vexetais nos sectores do tramo inferior do val do Eume.

Ese factor de oceanidade, que implica eludir temperaturas extremas, acentúase para moitas plantas que viven baixo a cuberta arbórea dos bosques; é dicir, o que chamamos ambiente nemoral tradúcese a nivel microclimático en atenuación da calor e do frío excesivos.

En canto á pluviosidade, pódense ofrecer valores concretos de rexistros de precipitación que van desde os 1.200 litros/$m^2$/ano na ría de Pontedeume ata os máis de 1.700 litros/$m^2$/ano que se poden recoller nas partes central e oriental do val eumés. Aínda que o seu patrón de distribución é como o xeral de Galicia, máximo en outono e decrecendo nas seguintes estacións ata o mínimo en verán, neste caso o descenso estival é menos acusado, xa que polo menos o 12% da chuvia de todo o ano cae no verán.

## Bioxeografía

O groso da flora representada no parque natural responde a uns condicionantes climáticos e edáficos, pero tamén á historia recente e pasada do territorio e á súa localización respecto dun patrón global de distribución dos seres vivos no planeta. Dominan as especies propias do clima tépedo e oceánico do SO europeo, da subprovincia Cántabro-Atlántica, que inclúe toda a cornixa cantábrica e os territorios húmidos do NO peninsular. A localización do parque natural, próximo á hipotética liña divisoria entre dous sectores corolóxicos, leva á incorporación desde o N e L de flora propia do sector Galaico-Asturiano (*Cytisus ingramii*, *Erica mackaiana*). Doutra banda, desde o O e S chega flora mediterránea termófila ben aclimatada no sector Galaico-Portugués (véxase mapa corolóxico).

# Mapa corolóxico de Galicia

## Baseado en Rivas Martínez & al., 2002




## Rexión Eurosiberiana

### Prov. Atlántica-Europea

**Subprov. Cántabro-Atlántica**

Sector Galaico-Asturiano

- 1 Subsect. Galaico-Asturiano Septent.

Sector Galaico-Portugués

- 2 Subsect. Compostelán
- 3 Subsect. Lucense
- 4 Subsect. Miñense
- 5 Sector Xuresiano

**Prov. Orocantábrica**

Sector Laciano-Ancarense

- 6 Subsect.Naviano-Ancarense

## Rexión Mediterránea

### Prov. Mediterránea Ibérica-Occidental

**Subprov. Carpetano-Leonesa**

Sector Berciano-Sanabriense

- 7 Subsect. Ourensán
- 8 Subsect. Berciano
- 9 Subsect. Maragato-Sanabriense

Sector Lusitano-Duriense

- 10 Subsect. Trasmontano

# A vexetación

As liñas mestras sobre a vexetación do parque xa foron citadas: trátase dunha extensa superficie boscosa dominada por especies caducifolias e que mostra o valor de corredor biolóxico ao ofrecer un dosel continuo de fraga desde o nivel do mar ata os altos de Serra da Loba. Ademais da carballeira atlántica dominante e maioritaria, catalogada como *Blechno spicanti-Quercetum roboris*, hai outros tipos de bosque con menor extensión pero tamén de notable interese: ameneirais riparios de *Senecioni bayonnensis-Alnetum glutinosae* e de *Valeriano pyrenaicae-Alnetum glutinosae*, bosques mixtos de *Polysticho setiferi-Aceretum pseudoplatani* asociados a valgadas, e algunhas outras comunidades aínda non ben estudadas ou que se presentan en pequenos rodais de difícil tipificación, como erbedais, abeledos, bidueirais, etc.

Á parte dos bosques, inclúense tamén nas partes altas das ladeiras e en terreos deforestados diversos tipos de matogueiras de substitución, entre os que destacan as breixeiras-toxeiras de *Gentiano pneumonanthe-Ericetum mackaianae*, así como as xesteiras de *Ulici europaei-Cytisetum ingramii*.



## Esquema sintético da vexetación




1. Bosque caducifolio
   *Blechno spicanti-Quercetum roboris*
2. Bosque ripario
   *Senecio bayonnensis-Alnetum glutinosae*
   *Valeriano pyrenaicae-Alnetum glutinosae*
3. Toxeira-Breixeira mesófila
   *Ulici europaei-Ericetum cinereae*
   *Gentiano pneumonanthe-Ericetum mackaianae*
4. Toxeira-Breixeira higrófila
   *Genisto berberideae-Ericetum mackaianae*

Poderán parecer máis abundantes localmente outras comunidades presididas por arbustos de máis ampla distribución en Galicia, como as breixeiras-toxeiras con *Ulex europaeus* e *Erica australis* subsp. *aragonensis*, ou as xesteiras con *Cytisus striatus* ou *C. scoparius*, pero as citadas en primeiro lugar teñen unha significación bioxeográfica de maior relevancia ao contaren con especies endémicas do norte de Galicia e Asturias occidental. Outros tipos de vexetación que achegan biodiversidade ao conxunto do parque, aínda que a súa presenza é reducida, son as matogueiras e herbeiras higrófilas que constitúen as brañas. Aos altos do Eume chegan algunhas comunidades endémicas das brañas do N de Galicia, como a asociación de matogueiras higrófilas de *Genisto berberidae-Ericetum mackaianae*.

Este conxunto de diferentes tipos de vexetación, no que predominan claramente os bosques, serve de albergue a un nutrido grupo de especies de plantas que encontran no bosque atlántico meridional o seu mellor hábitat (ás veces o seu hábitat exclusivo) no continente europeo. É coñecida a riqueza de brións das Fragas do Eume grazas a estudos intensos realizados hai máis de 20 anos.

Pero, centrándonos nas plantas vasculares, o conxunto de maior interese neste parque son os pteridófitos. O catálogo dos fieitos coñecidos neste parque acada as 28 especies, entre as que destaca o grupo coñecido como os relictos macaronésicos: son un colectivo florístico representante dunha flora subtropical que debeu cubrir tamén Galicia durante o período Terciario, cunhas condicións climáticas máis cálidas e húmidas que as actuais, pero que foi varrida polas glaciacións posteriores. Desta flora, acorde con aquelas condicións, soamente quedaron unhas poucas especies como "reliquias" ou "relictos" que chegaron ata os nosos días refuxiándose nos bosques húmidos e térmicos das illas macaronésicas (Os Azores, Madeira, As Canarias) e en moi contados puntos da península Ibérica: a serra gaditana de Algeciras e diversas manchas de bosque en baixas altitudes ao longo da cornixa cantábrica.

Deste grupo de fieitos relícticos adoitan destacarse tres especies (*Culcita macrocarpa, Vandenboschia speciosa* e *Woodwardia radicans*), porque son os únicos pteridófitos galegos incluídos no Anexo II da Directiva hábitats, isto é, nunha lista emanada da Comunidade Europea con indicación de especies cuxa protección ten que ser abordada por aqueles

países en que estiveren presentes; pero a estes tamén se poden engadir outras tres especies incluídas como vulnerables na Lista Vermella da Flora Vascular Española, como son *Dryopteris aemula, Dryopteris guanchica* e *Hymenophyllum tunbrigense*.

Todos estes fieitos citados son moi dependentes das condicións protectoras que lles brindan as fragas; ademais non están abundantemente presentes, senón que se concentran nas áreas máis húmidas e térmicas.

Con isto queremos subliñar o valor protector que ten o conxunto boscoso reunido no parque, xa que lles dá acubillo a especies obxectivamente catalogadas como importantes. Pero este papel, de conservador de especies a longo prazo, amósase claramente incompatible con tipos de explotación e manexo que se fixo das Fragas do Eume nas últimas catro décadas. Cando o manexo ancestral quedaba en suaves rareos de árbores ou no favorecemento dalgunha especie como o castiñeiro para formar rodais dominados por unha soa árbore, un "manexo" estendido desde os anos 70 foi o cultivo do eucalipto para produción rápida de madeira. É visible hoxe en día no percorrido desde a entrada sur do parque ata o Mosteiro de Caaveiro a cantidade inxente de eucaliptos que penetraron no que debería ser un continuo de carballeira en





ladeira. Os riscos de incendios que supoñen, ademais dun claro empobrecemento do colectivo vexetal que pode medrar baixo estes eucaliptais, son unha chamada continua para a reflexión: mentres o espazo físico das Fragas do Eume se utilice para explotación con eucaliptos, estaremos arriscando a perda dun valor biolóxico que resistiu avatares adversos durante millóns de anos.

# Cómo usar esta guía

Establecéronse 10 grupos temáticos de plantas (véxase índice) que facilitan unha rápida identificación das especies en función do hábitat en que se encontren e da súa natureza herbácea ou leñosa. Dentro de cada grupo séguese a orde alfabética dos nomes dos xéneros e, dentro deles, das especies. Nas últimas páxinas da guía situouse o índice de nomes científicos das plantas.

O groso dos taxons tratados na guía é fiel a unha das seccións elixidas; non obstante, cómpre sinalar que é posible encontralas fóra dese ámbito, especialmente cando as condicións ecolóxicas do nicho particular se parezan ao medio habitual onde medra a planta (por exemplo, podemos atopar unha especie nitrófila nun carreiro que atravese o bosque, unha rupícola sobre solo pedregoso do sotobosque, etc.).

De cada planta descrita elaborouse unha ficha cos seguintes puntos:

**Nome científico aceptado**, en cursiva e negra, seguida do autor do nome da especie na súa contracción habitual.

**Nomes inválidos** cos que se designou a planta.

**Nomes vernáculos** en galego e castelán. Os nomes en galego seguen preferentemente a obra coordinada por Rodríguez (2004) *Termos esenciais de botánica*, do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago.

**Fam.:** Familia a que pertence.

**Descr.:** Descrición dos caracteres morfolóxicos necesarios para a súa correcta identificación.

**Distr.:** Área de distribución da especie, con especial referencia á península Ibérica.

**Háb.:** Hábitat ou nicho ecolóxico en que medra habitualmente.

**Simil.:** Especies de morfoloxía semellante representadas no parque, cuxa identificación poida inducir a engano.

Elaboráronse claves dicotómicas, baseadas na presenza ou ausencia de determinados caracteres morfolóxicos, que facilitan a identificación de todos os breixos presentes no parque natural e das leguminosas fruticosas que forman etapas de substitución do bosque clímax. Trátase de especies emparentadas que comparten nichos ecolóxicos comúns ou semellantes.

Como apoio visual de toda esta información, sitúase en cada ficha polo menos unha foto da planta tratada. En ocasións amósanse ata dúas ou tres fotos que identifican os principais caracteres morfolóxicos usados como diagnósticos na descrición da especie.

# Morfoloxía das plantas



























# Grupos temáticos

## Pteridófitos

Os pteridófitos, xunto ás anxiospermas e ximnospermas, constitúen un grupo de vexetais evolucionados (cormófitos), pois presentan raíces verdadeiras, talo e follas. Os pteridófitos constitúen o grupo máis primitivo dos cormófitos. Dominaron a Terra durante longos períodos da Era Terciaria baixo un ambiente térmico e húmido. Na actualidade presentan a súa maior diversificación en climas tropicais. Algunhas especies que actualmente apenas superan os trópicos conservan pequenas poboacións refuxiadas en enclaves favorables europeos (península Ibérica), como nas Fragas do Eume.

### *Anogramma leptophylla* (L.) Link

***Gymnograma leptophylla*** **(L.) Desv.**

**Fam.:** HEMIONITIDACEAE

**Descr.:** Anual, pecíolo curto, con páleas lineares ferruxinosas. Frondes membranáceas, dimorfas, as internas 2-3 pinnadas e fértiles (esporofilos); as externas 1-2 pinnadas e estériles (trofofilos). Pinnas atenuadas na base. Esporanxios nus cerca do ápice dos nervios secundarios.



**Distr.:** Europa atlántica e mediterránea, O, S e L de Asia, África, Australia e Nova Celandia e C e S de América. Na Península soamente se enrarece cara ao C e L.

**Háb.:** Muros e fendas de rochedos en ambientes sombríos e frescos.

## *Asplenium onopteris* L.

### *A. adiantum-nigrum* subsp. *onopteris* (L.) Heufler

**Fam.:** ASPLENIACEAE
**Descr.:** Rizoma rastreiro con páleas de cor castaña escura ou negra. Pecíolo castaño ou anegrazado, tan longo ou máis que a lámina; esta 3-4 pinnada e de contorno triangular-lanceolado e acuminado no ápice. Pinnas inferiores curvado-antrorsas, máis longas que as medias e superiores. Soros con indusio lateral.



**Distr.:** Rexión Mediterránea, Macaronesia excepto Cabo Verde, O e C de Europa.
**Háb.:** Noiros e rochedos no sotobosque fresco e húmido.
**Simil.:** ***A. billotii* F. W. Schultz** é moi parecido ao anterior, do que se distingue pola menor lonxitude das pinnas inferiores, máis curtas que as medianas; polo pecíolo máis curto que a lámina, esta 2-3 pinnada, e pola disposición marxinal dos soros. ***A. adiantum-nigrum* L.** ten o pecíolo castaño-escuro, pero ás veces verde cerca da lámina e de tamaño subigual a maior que esta. Lámina 2(3) pinnada non acuminada no ápice, coas pinnas basais de maior tamaño pero non, ou poco, curvadas cara ao ápice.



*Asplenium adiantum-nigrum*

## *Asplenium scolopendrium* L.
### *Phyllitis scolopendrium* (L.) Newman

**Gal.:** CERVIÑA **Cast.:** LENGUA DE CIERVO
**Fam.:** ASPLENIACEAE
**Descr.:** Rizoma alongado, con páleas. Pecíolo paleáceo máis curto que a lámina. Frondes simples, persistentes, enteiras, lanceoladas, cordadas na base da lámina, de marxe máis ou menos ondulada. Soros lineares, desiguais, con indusio de marxe enteira.
**Distr.:** Europa, Rexión Mediterránea, Os Azores e Madeira. Na península Ibérica é frecuente no N, mentres que no S se limita aos macizos montañosos.
**Háb.:** Bosques sombríos e húmidos, noiros do leito de regatos arborados.


Detalle soros


Base láminas


Hábito

## *Asplenium trichomanes* L.



**Gal.:** FENTO DAS BOTICAS
**Fam.:** ASPLENIACEAE
**Descr.:** Rizoma curto con páleas de cor castaña. Frondes de ata 30 cm, con pecíolo curto, castaño escuro e glabro. Lámina pinnada, con 10-30 pares de pinnas de pequeno tamaño (< 1,5 cm), coriáceas; as superiores distantes e insertas oblicuamente no raque. Soros lineares confluentes na madurez. Indusio lateral.
**Distr.:** Especie de distribución holártica: América do N, Europa e Asia. Na Península habita na Iberia silícea, preferentemente da metade N.
**Háb.:** Rupícola. Rochedos, muros antigos de división de terreos, de contención, paredes de inmobles, etc.
**Simil.:** Ademais da subespecie típica, tamén está representada no parque ***A. t.* subsp. *quadrivalens* D.E. Meyer**, que se diferencia da primeira por ter as últimas pinnas insertas perpendicularmente no raque e máis aproximadas entre elas.

## *Athyrium filix-femina* (L.) Roth

**Fam.:** ATHYRIACEAE





**Descr.:** Frondes fasciculadas que poden superar 1 m de longo. Lonxitude do pecíolo 1/3-1/4 da lonxitude da lámina, esta 2-3 pinnada. Pinnas curtamente pecioluladas, alternas, de maior tamaño cara á metade da lámina. Pínnulas co ápice dentado. Soros arqueados, con indusio lateral de bordo fimbriado e persistente.
**Distr.:** Atópase longamente estendida no hemisferio N (holártica) e en América do S.
**Háb.:** Bosques riparios, marxes de ríos, sotobosque de carballeiras en ambiente fresco e húmido.

## *Blechnum spicant* (L.) Roth

**Fam.:** BLECHNACEAE
**Descr.:** Frondes dimorfas (esporofilo e trofofilo). Láminas estériles persistentes en inverno, curtamente pecioladas, pinnatisectas. As fértiles marcescentes, con pecíolos de maior tamaño que nacen da zona central do fascículo que forman as estériles. Soros lineares, continuos, con indusio consistente.



**Distr.:** Europa, N de África, Macaronesia (excepto Cabo Verde), Cáucaso e Asia Menor.
**Háb.:** Zonas húmidas e sombrías en gran parte da Iberia silícea.

## *Culcita macrocarpa* C. Presl

**Fam.:** CULCITACEAE



**Descr.:** Rizoma groso con tricomas avermellados, moi finos. Frondes que poden superar os 2 m. Lámina de lonxitude semellante á do pecíolo, 2-5 pinnatisecta. Soros reniformes, marxinais no ápice dos nervios, con indusio bivalvo e con paráfise.

**Distr.:** Macaronesia, e en Europa só en Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e Cádiz. Naturalizada en Portugal.

**Háb.:** Noiros e cortados en ambiente nemoral saturado de humidade.

## *Cystopteris viridula* (Desv.) Desv.

### *Cystopteris regia sensu* Merino

**Fam.:** ATHYRIACEAE

**Descr.:** Rizoma curto, rastreiro con páleas marróns. Frondes de ata 40 cm. Pecíolo delgado, máis curto que a lámina, con algunhas páleas na base. Lámina bipinnada, cos últimos segmentos 1 pinnatipartidos. Pínnulas cuneadas na base, dentadas no ápice. Con indusio ovado-suborbicular adherido ao nervio, xeralmente glanduloso.



**Distr.:** SO de Europa (O da península Ibérica), N e L de África e C e S de América.

**Háb.:** Rochedos sombríos con auga zumegante.

## *Davallia canariensis* (L.) Sm.



**Gal.:** CABRIÑA, DAVALIA
**Cast:** DAVALIA
**Fam.:** DAVALLIACEAE
**Descr.:** Rizoma serpeante, densamente cuberto de páleas de cor castaña coa marxe ciliada. Pecíolo articulado na base, aproximadamente da mesma lonxitude que a lámina, castaño escuro na base e castaño-avermellado no resto, con páleas. Lámina 3-4 pinnada, glabra. Soros apicais, submarxinais, con indusio.
**Distr.:** Madeira, Canarias, Marrocos e occidente da península Ibérica ata Asturias.
**Háb.:** Frecuentemente epifito sobre troncos e ramas de árbores. Tamén sobre rochedos cubertos de brións.

## *Dryopteris aemula* (Aiton) O. Kuntze

**Fam.:** DRYOPTERIDACEAE
**Descr.:** Fronde triangular-lanceolada, tripinnada, con glándulas dispersas. Pecíolo groso, castaño-avermellado, con páleas. Pínnulas non superpostas, curvadas cara ao ápice da pinna, con dentes arestados e páleas glandulosas no envés. Soros con indusio abrancazado, glanduloso, caduco.



**Distr.:** Rexión Macaronésica, Francia, Illas Británicas, Turquía, Transcaucasia. Na península Ibérica alcanza o N e NO.
**Háb.:** Noiros e pés de rochedos húmidos, á sombra do bosque.

## *Dryopteris affinis* (Lowe) Fraser-Jenkins

**Fam.:** DRYOPTERIDACEAE
**Descr.:** Frondes bipinnadas de máis de 1 m, brillantes, persistentes no inverno. Pecíolo e raque cubertos densamente por páleas maioritariamente lanceoladas, de ápice filiforme e cor marrón escura ou parda-avermellada. Pínnulas paralelas, sen dentes nos laterais. Soros con indusio reniforme.
**Distr.:** O de Europa, NO de África, illas da Macaronesia, Cáucaso e N de Turquía.
**Háb.:** Interior de bosques caducifolios.

**Simil.:** Ademais da subespecie típica no parque, existe ***D. a.* subsp. *borreri* (Newman) Fraser-Jenkins** (*D. filix-mas* var. *borreri* Newman), de frondes verdeescuras e con dentes agudos no ápice das pínnulas.

**Simil.:** ***Dryopteris filix-mas* (L.) Schott** ten as frondes bipinnadas, excepcionalmente tripinnadas, non persistente no inverno. Pecíolo densamente cuberto de páleas na súa porción inferior e de forma laxa no resto e no raque. Páleas de cor castaña clara. Pínnulas cos lados curvos e converxentes no ápice, que á súa vez ten dentes agudos non diverxentes. A súa área de distribución esténdese por amplas zonas tépedas do hemisferio N, SO da India e cordilleira dos Andes. É máis raro no parque que a especie precedente, encontrándose no interior de bosques caducifolios, con preferencia por ambientes de monte frescos.


*Dryopteris affinis.* Fronde


*Dryopteris affinis.* Páleas e pinnas


*Dryopteris affinis.* Soros


*Dryopteris filix-mas.* Fronde

## *Dryopteris dilatata* (Hoffmanns.) A. Gray





**Fam.:** DRYOPTERIDACEAE
**Descr.:** Frondes tripinnadas, de contorno triangular-lanceolado, persistentes en inverno. Pecíolo castaño-amarelado. Páleas de cor castaña escura ou castaña clara pero cunha franxa central máis escura. Pinnas imbricadas. Pínnulas con peciólulo moi curto, distantes, non solapadas, con dentes agudos, arestados, pouco sobresaíntes. Indusio abrancazado, pequeno.
**Distr.:** Europa, Cáucaso, Turquía e N de Irán. Na península Ibérica atópase no terzo N, descendendo polo O ata Estremadura.
**Háb.:** Rochedos, bordo de regatos, ambientes nemorais no interior de bosques caducifolios.
**Simil.:** ***Dryopteris guanchica*** **Gibby & Jermy**, de frondes triangular-lanceoladas, tripinnadas, sen glándulas. Pecíolo que alcanza ou supera a metade da lonxitude da fronde, delgado, castaño-amarelado na maior parte da súa lonxitude, paleáceo na base. Páleas do envés dos segmentos de última orde non glandulosas. Pínnulas pecioluladas, non solapadas, con dentes arestados no ápice. Soros con indusio abrancazado, glanduloso, caduco. A súa área de distribución inclúe as Illas da Macaronesia e localidades próximas á costa no O da península Ibérica. O seu hábitat encóntrase sobre rochedos ácidos baixo atmosfera saturada de humidade.

## *Hymenophyllum tunbrigense* (L.) Sm.



**Fam.:** HYMENOPHYLLACEAE
**Descr.:** Rizoma subfiliforme, rastreiro, radicante. Frondes homomorfas, translúcidas por estaren constituídas por unha soa capa de células, distantes, pequenas (< 10 cm). Lámina pinnatipartida. Pinnas 2-3 pinnatisectas. O indusio está formado por 2 valvas dentado-fimbriadas, quedando no seu interior o receptáculo esporanxífero.
**Distr.:** Non se coñece con precisión a súa distribución mundial. Habita na Macaronesia e no O de Europa, chegando a Alemaña e Italia. En España só no N e NO.
**Háb.:** Rochas zumegantes de auga en ambientes sombríos.

## *Osmunda regalis* L.

**Gal.:** DENTABRÚN **Cast.:** HELECHO REAL
**Fam.:** OSMUNDACEAE
**Descr.:** Frondes que poden superar os 2 m de longo, as internas fértiles. Lámina bipinnada. Pínnulas con pecíolo curto. Esporanxios non reunidos en soros, que se dispoñen en panícula na parte superior das frondes, abríndose por dehiscencia apical das dúas valvas.



**Distr.:** Ampla distribución en zonas tépedas e tropicais do planeta. Na península Ibérica falta no S e L.
**Háb.:** Bosques de ribeira e marxes de ríos e regatos.

## *Polypodium cambricum* L.



**Fam.:** POLYPODIACEAE

**Descr.:** Rizoma rastreiro cuberto de páleas (5-16 mm) ferruxinosas e longamente acuminadas. Frondes coa lámina lixeiramente maior que o pecíolo, de pinnatipartida a pinnatisecta. Pinnas atenuadas no ápice. Envés glabro, sen escamas, con nerviación dicótoma. Soros con paráfises ramificadas, redondeados, en dúas filas, nus, sen indusio.

**Distr.:** Rexión Mediterránea, chegando polo O de Europa ata Irlanda. Amplamente repartido pola Península pero en ambientes térmicos e pouco continentalizados.

**Háb.:** Muros, rochedos ou como epifitos na galla e ramas de árbores adultas.

**Simil.:** Outros dous parentes sen paráfises nos soros comparten o hábitat: ***Polypodium interjectum* Shivas** ten as páleas do rizoma (3,5-10 mm) de cor parda escura, ovado-lanceoladas e abruptamente acuminadas. Os soros cos esporanxios son elípticos. A súa área de distribución vai desde o O de Asia a Europa e Marrocos. Na península Ibérica é frecuente sobre todo no N. Distínguese de ***Polypodium vulgare* L.** en que este último ten as páleas do rizoma de 3-6 mm de longo, anchamente ovadas e na forma redondeada dos soros. As células do anel do esporanxio son máis numerosas e a súa cor é máis intensa. É unha especie característica da rexión Eurosiberiana que só penetra nas montañas da rexión Mediterránea.

## *Polystichum setiferum* (Forsskal) Woynar



**Fam.:** DRYOPTERIDACEAE

**Descr.:** Frondes marcescentes, de cor verde escura, con abundantes páleas en pecíolo e raque, bipinnadas. Pinnas basais reflexas. Pínnulas asimétricas, peciololuladas, espiñosas, a basal de cada pinna co lóbulo máis desenvolvido. Soros en toda a fronde. Indusio peltado, caduco.

**Distr.:** Illas da Macaronesia, cunca do Mediterráneo e O de Europa.

**Háb.:** Sotobosque de carballeiras sobre lugares frescos e sombríos; frecuente en bosques riparios.

## *Pteridium aquilinum* (L.) Kuhn

**Fam.:** HYPOLEPIDACEAE

**Descr.:** Rizoma subterráneo moi desenvolvido. Frondes marcescentes, espalladas, con pecíolo canaliculado lixeiramente menor que a lámina; esta tripinnada. Pínnulas variablemente pilosas no envés. Indusio marxinal, continuo, dobre, marrón, co bordo levemente fimbriado.



**Distr.:** A través de distintas subespecies estendese por unha gran parte do planeta. Na península Ibérica atópase en todas as provincias excepto no SL árido.

**Háb.:** Prefire zonas con ambiente soleado e solos profundos. É capaz de se estender desde ladeiras de montañas ao interior de carballeiras antropizadas e/ou aclaradas.

## *Vandenboschia speciosa* (Willd.) Kunkel

### *Trichomanes speciosum* Willd



**Fam.:** HYMENOPHYLLACEAE
**Descr.:** Rizoma delgado (c. 3 mm), postrado, radicante. Frondes de 10-40 cm, distantes, 3 veces pinnadas, trienais. Lámina translúcida por estar constituída por 1 soa capa de células. Indusio cilindroide longamente superado polo receptáculo esporanxífero.
**Distr.:** Macaronesia e O de Europa. Na Península existe fundamentalmente no N, NO e na provincia de Cádiz.
**Háb.:** Sobre rochedos húmidos en ambiente nemoral, sobre todo ripario, pero sempre moi sombrío.

## *Woodwardia radicans* (L.) Sm.

**Fam.:** BLECHNACEAE
**Descr.:** Rizoma robusto cuberto de grandes páleas ferruxinosas. Frondes 2 pinnadas, arqueadas, que poden superar os 2 m; chegan a contactar co solo producindo o raque unhas xemas cubertas de páleas a partir das cales se xeran novos individuos. Soros oblongo-lineares, disxuntos, que forman liñas paralelas aos nervios; con indusio.





**Distr.:** Illas Macaronésicas (excepto Cabo Verde), Asia, SO de Europa, S de Italia e illas Mediterráneas e costa O de centro e N América. Na península Ibérica na proximidade do litoral cantábrico e galego, así como nalgunhas localidades de Portugal con ecoloxía semellante.
**Háb.:** Lugares sombríos e húmidos xunto a ríos e regatos.

# Invasoras leñosas

## *Acacia dealbata* Link



**Gal.:** MIMOSA **Cast.:** MIMOSA
**Fam.:** PAPILIONACEAE
**Descr.:** Árbore perennifolia non espiñosa. Ramiñas e folíolos pilosos. Follas bipinnadas, pecioladas, cunha glándula no raque baixo cada par de pinnas. Inflorescencia pedunculada. Flores en glomérulos globosos, pentámeras, amarelas, con numerosos estames que sobresaen amplamente da corola.
**Distr.:** Nativa do SL de Australia e Tasmania. Naturalizada no N e O da península Ibérica.
**Háb.:** Considérase que é unha invasora leñosa con alto potencial de propagación, especialmente despois de incendios. Existen poboacións ao redor do parque que ameazan con introducirse na fraga.

## *Acacia melanoxylon* R. Br.

**Gal.:** ACACIA NEGRA, OLIVEIRA DE AUSTRALIA
**Cast.:** ACACIA NEGRA **Fam.:** PAPILIONACEAE
**Descr.:** Árbore perennifolia de casca escura. As plantas novas posúen follas bipinnadas que desaparecen ao pouco para mostrar unicamente filodios de marxe enteira, sen ningunha división. Flores en glomérulos amarelos en inflorescencia racemiforme, de cor amarela máis pálida que a precedente. Legume contraída entre as sementes.



**Distr.:** Nativa do SL de Australia e Tasmania. Na península Ibérica, no NO.
**Háb.:** Cultivouse pola calidade da súa madeira. Tórnase invasora despois dos incendios. Existe unha grande invasión na zona baixa do parque.

## *Eucalyptus globulus* Labill.

**Gal.:** EUCALIPTO BRANCO **Cast.:** EUCALIPTO BLANCO
**Fam.:** MYRTACEAE



Follas adultas



Follas novas

**Descr.:** Árbore que pode alcanzar máis de 60 m de altura. Casca gris pálida que se desprende en tiras. Follas coriáceas, as adultas falciformes. Segmentos do periantio soldados, formando unha especie de cápsula campaniforme, de cor azulada, cuberta dun po pruinoso, de 1,4 a 2,4 cm de diámetro, cunha tapa que cae ao se abriren as flores.
**Distr.:** Orixinario de Australia e Tasmania. Cultivado en numerosos países dos cinco continentes, de forma principal para a obtención de pasta de papel, aínda que tamén para outros usos.
**Háb.:** Repoboacións forestais. Reabrolla de cepa tras o corte.
**Simil.:** Experimentouse o rendemento e produción de rodais doutras especies de eucaliptos dentro dos límites do parque natural.

## *Robinia pseudoacacia* L.

**Gal.:** FALSA ACACIA **Cast.:** FALSA ACACIA
**Fam.:** PAPILIONACEAE
**Descr.:** Árbore caducifolia de casca agrisada e estriada lonxitudinalmente. Follas imparipinnadas. Folíolos elípticos ou ovados. Estípulas dos talos novos espiñosas; as da copa son herbáceas e caedizas, para desenvolveren posteriormente acúleos de ata 1 cm.



Inflorescencia en acios axilares colgantes. Corola papilionácea de cor branca ou crema. Legume de ata 12 x 1,5 cm.
**Distr.:** Nativa de América do N. Encóntrase amplamente naturalizada na península Ibérica.
**Háb.:** Invasora de complexa erradicación en bosques de ribeira, regatos, prados abandonados, etc.

# Árbores e arbustos nemorais

O arboredo que forma parte dos bosques do parque natural está integrado maioritariamente por especies de follas planas e caducas. Forman un dosel continuo baixo o que medran arbustos, en moitos caso tamén caducifolios, cunha menor cobertura sobre o espazo. A excepción a esta norma, dominante nos bosques tépedo-oceánicos do noso hemisferio, constitúeno no Eume unha conífera (*Taxus baccata*) e tres especies perennifolias, dúas de óptimo mediterráneo (*Arbutus unedo e Laurus nobilis*) e unha de óptimo eurosiberiano (*Ilex aquifolium*).

## *Acer pseudoplatanus* L.

**Gal.:** PRADAIRO COMÚN **Cast.:** ARCE SICÓMORO
**Fam.:** ACERACEAE
**Descr.:** Árbore caducifolia que pode alcanzar 20-30 m. Casca lisa e agrisada que greta e desprende escamas ou placas na madurez. Follas simples, con pecíolos avermellados e limbo de base cordada e 3-5 lóbulos de ápice agudo e seos non moi profundos. Face glabra e envés máis pálido con pelos nos nervios. Flores amarelo-verdosas en acios paniculados colgantes. Froito en dobre sámara con alas erecto-patentes.
**Distr.:** S e C de Europa, O de Asia. Metade N da península Ibérica.
**Háb.:** Bosques mesófilos pluriespecíficos sobre solos ricos en elementos minerais (eutrofos) e en ambiente fresco e húmido, ben en zonas de montaña, ben en valgadas e ribeiras.



## *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.



**Gal.:** AMIEIRO
**Cast.:** ALISO
**Fam.:** BETULACEAE
**Descr.:** Árbore caducifolia de casca pardo-agrisada e lisa nas árbores novas, que co tempo torna pardo-anegrazada e só gretada en troncos vellos. Follas pecioladas, co limbo case tan ancho como longo, estando a maior anchura cerca da base. Amentos masculinos alongados, inicialmente erectos e logo colgantes. Amentos femininos curtos. Infrutescencias lixeiramente lignificadas.
**Distr.:** Europa, Asia e NO de África. Frecuente en toda a Península, salvo no SL árido.
**Háb.:** Necesita enraizar en ambiente saturado de auga, sendo o compoñente principal do bosque de galería en marxes de ríos e de terreos encharcados ou pantanosos.

## *Arbutus unedo* L.

**Gal.:** ÉRBEDO **Cast.:** MADROÑO
**Fam.:** ERICACEAE
**Descr.:** Árbore ou arbusto perennifolio de ata 5 m, con ramiñas de casca escamosa, pardo-avermellada. Follas (7-10 x 3-4 cm) simples, alternas, curtamente pecioladas, de aspecto lauroide. Flores en panículas terminais, pentámeras. Cáliz cos sépalos soldados só na base. Corola branca de pétalos soldados, caediza tras a floración. Froito en baga tuberculada, primeiro verde, logo amarela e finalmente avermellada.



**Distr.:** Rexión Mediterránea, chegando polo Atlántico ata Irlanda.
**Háb.:** No territorio forma parte dos arbustos do sotobosque das carballeiras termófilas e das súas etapas de substitución arbustivas. Prefire as solainas.

## *Betula alba* Rothm. & Vasc.



**Gal.:** BIDUEIRO
**Cast.:** ABEDUL
**Fam.:** BETULACEAE
**Descr.:** Árbore caducifolia de casca branca anelada que se exfolia transversalmente en láminas. Ramas de ápice non colgante. Ramiñas con numerosas glándulas resinosas e con pilosidade caduca. Follas pecioladas, de limbo triangular ou romboidal e bordo irregularmente dentado. Flores masculinas en amentos colgantes. Froito en aquenio con dúas alas laterais.
**Distr.:** Endemismo da península Ibérica.
**Háb.:** Forma bosques densos (bidueirais) na alta montaña. Descendendo dela, refúxiase en ríos, valgadas e zonas con certa humidade edáfica.

## *Castanea sativa* Miller

**Gal.:** CASTIÑEIRO **Cast.:** CASTAÑO
**Fam.:** FAGACEAE
**Descr.:** Árbore caducifolia. Casca lisa e cincenta en individuos novos, tornándose gretada lonxitudinalmente e apardazada coa madurez; na senescencia presenta nódulos e podrece pola medula. Follas alongadas de ápice agudo e bordo serrado. Flores unisexuais, en amentos erguidos as masculinas e en sésiles dicasios trifloros as femininas. Conxunto frutífero espiñoso (ourizo), que envolve tres aquenios (as castañas).
**Distr.:** Orixinaria do SL de Europa e Asia Menor. Existe polémica sobre o modo e época de chegada á península Ibérica; en calquera caso, é anterior á chegada do Imperio Romano.



**Háb.:** Como árbore illada en bosques ou en bosquetes favorecidos polo home para a explotación do froito.

## *Corylus avellana* L.



**Gal.:** ABELEIRA
**Cast.:** AVELLANO
**Fam.:** BETULACEAE
**Descr.:** Arbusto ramificado desde a base; con ramas longas e rectas de casca lisa, pardo-avermellada. Ramiñas novas con pelos glandulosos. Follas simples, pecioladas. Limbo de bordo dobremente serrado, pilosas en ambas as caras, de base lixeiramente acorazonada e ápice cuspidado. Flores masculinas en longos amentos colgantes que xorden antes que as novas follas. Aquenios con exocarpo lignificado (abelás).
**Distr.:** Europa e Asia. Na península Ibérica habita sobre todo na metade N.
**Háb.:** Masas forestais de valgadas e solos frescos e sombríos; como individuos illados ou en grupos con densidade variable, chegando a formar abeledos.

## *Crataegus monogyna* Jacq.

**Gal.:** ESTRIPEIRO **Cast.:** ESPINO ALBAR
**Fam.:** ROSACEAE





**Descr.:** Arbusto caducifolio que non adoita superar os 5 m. Ramas con espiñas. Follas simples, pecioladas, estipuladas. Limbo profundamente lobado. Inflorescencias en cimas corimbiformes. Flores pediceladas. Cáliz con 5 sépalos verdes, persistentes. Corola con 5 pétalos libres, brancos. Estames 15-20 coas anteras rosado-purpúreas. Froitos vermellos de menos de 1 cm.
**Distr.:** Europa, O de Asia, NO de África. Introducido noutras zonas do planeta. Habita en case toda a península Ibérica, aínda que cara ao S se refuxia en zonas de montaña.
**Háb.:** Claros de bosque, orlas espiñosas e sebes.

## *Frangula alnus* Miller

### *Rhamnus frangula* L.





**Gal.:** SANGUIÑO
**Cast.:** FRANGULA, ARRACLÁN
**Fam.:** RHAMNACEAE
**Descr.:** Arbusto ou arboriña de casca escura punteada de branco. Follas pecioladas; limbo verde por ambas as caras, máis intenso na face, cos nervios moi marcados. Flores pecioladas, pequenas, de corola branca. Froito redondo, < 1 cm de diámetro, verde, vermello ou negro en función do estado de maduración.
**Distr.:** Habita en Europa excepto no extremo N.
**Háb.:** Non é raro no interior do bosque, pero abunda sobre todo na orla formando parte dos arbustais acidófilos de substitución.

## *Fraxinus excelsior* L.

**Gal.:** FREIXO **Cast.:** FRESNO REAL
**Fam.:** OLEACEAE
**Descr.:** Árbore de casca agrisada, gretada nos individuos adultos. Xemas de cor negra. Follas imparipinnadas. Folíolos coa base redondeada, lixeiramente pilosos nos nervios do envés cerca da base, bordo dentado, cos dentes dirixidos cara ao ápice e en número maior que o de nervios laterais. Flores en panícula sen cáliz nin corola. Froitos con á (sámaras).



**Distr.:** Rexión Eurosiberiana. Na península Ibérica apenas se extralimita dos Pireneos e da vertente cantábrica. En Galicia abunda na metade N, alcanzando os macizos do SL.
**Háb.:** Bosques caducifolios con ambiente húmido, preferentemente en bosques riparios.
**Simil.:** ***Fraxinus angustifolia*** **Vahl** é a especie vicariante mediterránea. Por vía costeira chega ao N de Galicia e ao Eume. Diferénciase polas súas follas con folíolos máis estreitos e atenuados na base, glabros no envés, con dentes non máis numerosos que os nervios laterais e polas xemas de gromo de cor marrón. En diversas áreas onde ambas as especies entran en contacto, detéctase a presenza do híbrido.

## *Ilex aquifolium* L.

**Gal.:** ACIVRO **Cast.:** ACEBO
**Fam.:** AQUIFOLIACEAE



*Ilex aquifolium.* Flores



*Ilex aquifolium.* Froitos maduros

**Descr.:** Árbore ou arboriña perennifolia, dioica (con flores dun só sexo). Follas coriáceas de cor verde, brillante e escura na face e máis clara e mate no envés, enteiras, con dentes punzantes ou non. Flores de cor branca cos sépalos soldados formando un pequeno tubo e terminados en lóbulos. Froito carnoso, redondeado, vermello.
**Distr.:** S e O de Europa.
**Háb.:** Bosques húmidos con ambiente fresco. En condicións de solaina en ambiente termófilo busca o refuxio en bosques de ribeira e bordos de regatos.

## *Laurus nobilis* L.

**Gal.:** LOUREIRO **Cast.:** LAUREL
**Fam.:** LAURACEAE
**Descr.:** Árbore perennifolia, dioica, de tronco recto e casca lisa. Follas simples, enteiras, brevemente pecioladas, co limbo verde lustroso e envés máis pálido. Inflorescencias en umbelas bracteadas. Flores unisexuais, as masculinas con numerosos estames e as femininas con estaminodios. Periantio caduco, con 4 pezas abrancazadas ou verde-amareladas. Froito en baga negra aguda no ápice.
**Distr.:** Orixinaria da rexión Mediterránea, desde onde alcanza a rexión Eurosiberiana seguindo a liña de costa.



**Háb.:** É un representante habitual das carballeiras termófilas galegas. Cultívase con frecuencia polas súas calidades organolépticas e pola súa utilización en sebes vivas.

## *Prunus avium* L.

### *Cerasus avium* (L.) Moench



**Gal.:** CERDEIRA
**Cast.:** CEREZO
**Fam.:** ROSACEAE
**Descr.:** Árbore caducifolia con casca agrisada que escurece e greta coa idade. Ramas sen espiñas. Follas simples longamente acuminadas, con pecíolo con glándulas cerca do limbo, marxe serrada, face glabra e envés pubescente. As flores xorden ao tempo que as follas en fascículos umbeliformes. Froito en drupa (cereixas). Pedúnculo polo menos o dobre de longo que o froito.
**Distr.:** O de Asia, NO de África. Amplamente expandido por Europa, aínda que se enrarece no N, L e rexión Mediterránea. Na Península é unha especie autóctona no N, cultivándose no resto.
**Háb.:** Bosques caducifolios con ambiente húmido e fresco. Cultivado con moita frecuencia polos seus froitos comestibles.

## *Prunus spinosa* L.

**Gal.:** ABRUÑEIRO **Cast.:** ENDRINO
**Fam.:** ROSACEAE
**Descr.:** Fanerófito arbustivo, caducifolio, espiñoso. Casca de ramas pardo-agrisada. Ramiñas laterais pubescentes na súa xuventude. Pecíolo das follas pubescente. Limbo de 1,5-3,5 x 0,5-1,5 cm, serrado ou crenado, con dentes moi finos. Flores pediceladas. Pétalos brancos. Froito azul escuro ou negro violáceo, pruinoso, subgloboso de 10-15 mm de diámetro (abruño).
**Distr.:** Europa, O Siberia, Cáucaso, SO Asia e NO África. Na península Ibérica escasea na metade S.
**Háb.:** Orla espiñosa arbustiva de bosques.



*Prunus spinosa.* Flores



*Prunus spinosa.* Froitos maduros

## *Pyrus cordata* Desv.

**Gal.:** PEREIRA BRAVA

**Cast.:** PERAL SILVESTRE
**Fam.:** ROSACEAE



**Descr.:** Arbusto caducifolio de casca agrisada e ramas espiñosas, as novas pilosas. Xemas con escamas ciliadas. Follas de marxe serrada, con pecíolo de máis de 1 cm. Inflorescencias en cimas corimbiformes. Cáliz con 5 sépalos. Corola con 5 pétalos brancos. Estames de 20-24 con anteras purpúreas. Froito xeralmente globoso, pardento, co pedúnculo flexible e xeralmente cos sépalos caedizos.
**Distr.:** C, L e O de Europa, estendéndose ata o N de Irán e N de África. Na Península desde o C de Portugal, NO e cornixa cantábrica ata Navarra.
**Háb.:** Sotobosque, orla e claros de bosque, sebes e lindes de terreos.

## *Quercus pyrenaica* Willd.

**Gal.:** CARBALLO CERQUIÑO, REBOLO
**Cast.:** REBOLLO, MELOJO
**Fam.:** FAGACEAE
**Descr.:** Árbore de ata 25 m, marcescente. Casca grisáceo-apardazada, gretada. Ramiñas moi pilosas. Follas pinnatífidas ou pinnatipartidas, con pecíolo de 5-20 mm, cuneadas na base, de cor verde escura pola face e afeltrado-tomentosas con pelos estrelados no envés. Amentos masculinos colgantes de 5-10 cm. Cúpula tipo dedal que abarca só á base do aquenio, de 6-18 x 14-26 mm, con escamas imbricadas, cincento-vilosas e as superiores máis ou menos libres.



**Distr.:** O e SO de Francia, península Ibérica e Marrocos. Na península Ibérica é rara no L e cara ao S busca refuxio nas montañas.
**Háb.:** Carballeiras termófilas e mesófilas. Moi escaso en comparación coa seguinte especie.

## *Quercus robur* L.

**Gal.:** CARBALLO COMÚN **Cast.:** ROBLE COMÚN
**Fam.:** FAGACEAE



**Descr.:** Árbore caducifolia. Casca branco-agrisada e lisa nos pés novos. Co tempo vólvese apardazada e gretada. Follas con pecíolo curto parcial ou totalmente flanqueado polas pequenas orellas do limbo; limbo pinnatilobado, glabro en ambas as caras. Flores unisexuais, as masculinas en amentos colgantes. Landras distanciadas sobre pedúnculos frutíferos.
**Distr.:** Rexión Eurosiberiana. Na Península atópase na súa metade N, sendo máis abundante na cornixa cantábrica e no NO.
**Háb.:** Bosques. Preferentemente sobre substrato silíceo.

## *Rosa canina* L.

**Gal.:** SILVA FEMIA **Cast.:** ESCARAMUJO
**Fam.:** ROSACEAE
**Descr.:** Arbusto cuxas ramas posúen espiñas curvas. Follas imparipinnadas de 5-7 folíolos de base redondeada, sen glándulas excepto no nervio medio, de bordo dentado e con estípulas. Flores solitarias ou en cimas, pedunculadas. Sépalos reflexos e caducos na frutificación, con lóbulos laterais. Corola de ata 4 cm de diámetro. Pétalos lixeiramente escotados no ápice, rosado-pálidos ou brancos. Estilos libres. Froito vermello intenso.



**Distr.:** Eurasia, NO de África, Madeira e Os Azores. Introducida noutras partes do mundo. Frecuente en toda a Península.
**Háb.:** Orla de carballeiras, sebes e arbustais espiñosos de substitución do bosque.

## *Ruscus aculeatus* L.

**Gal.:** XILBARDEIRA **Cast.:** BRUSCO, RUSCO
**Fam.:** RUSCACEAE



**Descr.:** Arbustiño rizomatoso, dioico, sufrútice, de talos verdes e glabros que alcanzan pouco máis de 50 cm. Ramas laterais con cladodios que teñen aparencia de follas ríxidas, con punta espiñosa. Flores pouco aparentes, xeralmente solitarias sobre o nervio medio do cladodio, con 2 verticilos de 3 tépalos. Froitos unicamente sobre pés femininos, esféricos, de cor vermella brillante.
**Distr.:** Rexión Mediterránea, chegando polo N ata Gran Bretaña. Na Península falta no SL árido e en amplas zonas da Meseta N.
**Háb.:** É unha especie nemoral que en Galicia se encontra ben representada baixo o dosel de bosques termófilos.

## *Salix atrocinerea* Brot.

**Gal.:** SALGUEIRO NEGRO **Cast.:** SAUCE
**Fam.:** SALICACEAE
**Descr.:** Árbore ou arbusto dioico, que pode alcanzar máis de 10 m de altura. Madeira descascada con estrías. Follas simples, alternas, polo menos 3 veces máis longas que anchas, de cor verde máis intensa na face, brevemente pecioladas, estipuladas, pilosas na súa xuventude e glabrescentes na madurez, con peliños avermellados no envés. Inflorescencias en amentos erectos que xorden antes que as follas, os masculinos e femininos en pés distintos.



**Distr.:** Europa atlántica, Marrocos, Tunicia e Córsega. En case toda a península Ibérica.
**Háb.:** Marxes de ríos e pantanos; claros forestais, cunetas ou noiros, indicando frescura edáfica.

## *Sambucus nigra* L.

**Gal.:** SABUGUEIRO **Cast.:** SAÚCO
**Fam.:** CAPRIFOLIACEAE
**Descr.:** Fanerófito arbustivo ou arboriña de ata 10 m, caducifolia. Follas opostas, imparipinnadas, con 5-7 folíolos de marxe serrada, lixeiramente pubescentes polo envés. Inflorescencia en corimbo composto, de ata 20 cm de diámetro. Flores pentámeras, hermafroditas. Corola branca con tubo curto pero apreciable. Froitos carnosos, globosos, negros.



**Distr.:** Europa excepto no extremo N.
**Háb.:** Orla de bosques e arbustais na proximidade de núcleos rurais.

## *Taxus baccata* L.

**Gal.:** TEIXO **Cast.:** TEJO
**Fam.:** TAXACEAE
**Descr.:** Conífera non resinosa de copa piramidal e ramas horizontais ou algo colgantes. Follas lineares, planas. Árbore dioica; conos masculinos solitarios, axilares na cara inferior das ramas. Semente recuberta na súa maior parte por unha envolta carnosa (arilo) de cor vermella.
**Distrib.:** O de Asia, Europa e N de África. Refúxiase nas montañas de case toda a península Ibérica, aínda que en Portugal só se encontra nalgúns puntos da metade N. Moi escasa neste parque.
**Háb.:** Bosque de valgada.



## *Ulmus glabra* Hudson

**Gal.:** LAMIGUEIRO **Cast.:** OLMO
**Fam.:** ULMACEAE



**Descr.:** Árbore caducifolia de casca pardo-agrisada ou pardo-anegrazada, gretada na madurez. Follas simples, curtamente pecioladas, ásperas na face. Limbo de ápice bruscamente acuminado, bordo dobremente serrado, nervios resaltados e asimétricas na base, cun lóbulo que cobre practicamente por completo o pecíolo. Flores en primavera, en fascículos laterais que xorden antes que as follas. Froito de ata 25 mm, con á que rodea a semente situada en posición central.
**Distr.:** Oriúnda de gran parte de Europa e Asia. Na península Ibérica atópase nas montañas da metade N.
**Háb.:** Bosques mixtos, con maior frecuencia de ribeira. Debido ás enfermidades que padecen os lamigueiros, é difícil encontrar individuos adultos de gran talle.

## *Vaccinium myrtillus* L.

**Gal.:** ARANDEIRA **Cast.:** ARÁNDANO
**Fam.:** ERICACEAE
**Descr.:** Arbusto caducifolio, menor de 50-60 cm. Ramiñas novas verdes, poligonais con 4 costelas ben marcadas. Follas con pecíolo moi curto, simples, de marxe serrada, de menos de 2 cm de longo, verdes por ambas as caras, agudas no ápice. Inflorescencias en acios paucifloros. Flores de pétalos soldados. Froito en baga negra redondeada de menos de 1 cm de diámetro, con sabor doce.



**Distr.:** Holártica, desde o N de América, Europa e Asia. Na península Ibérica atópase no N, chegando aos sistemas Central e Ibérico.
**Háb.:** Habita no interior de bosque cerca da costa. Na alta montaña pode integrarse noutras comunidades vexetais, desde breixeiras e cervunais ata solos pouco profundos.

# Plantas do sotobosque con talos volubles

Na penumbra do sotobosque medran plantas vivaces que buscan a luz utilizando o soporte de árbores e arbustos. Aínda que empregan estratexias diversas para "rubir" aos seus soportes, todas elas presentan talos flexibles que facilitan esta función.

## *Hedera hybernica* Bean *ex* DC.

**Gal.:** HEDRA **Cast.:** HIEDRA
**Fam.:** ARALIACEAE
**Descr.:** Fanerófito lianoide, prostrado ou rubidor. Ramas estériles con ápice vermello apardazado e entrenós de 2,2 - 4,3(8,1) cm. Follas simples, verde-amareladas, con 0-5 lóbulos e nervios verdes pouco prominentes. Indumento formado por tricomas xeralmente sésiles, rotados, estrelados con (4)6-8(10) radios estipitados de cor branca (excepcionalmente alaranxados), soldados nun 10-20(40)% da súa lonxitude.
**Distr.:** Europa atlántica desde a península Ibérica ata Escocia.
**Háb.:** Bosques, ben tapizando o solo, ben rubindo en troncos; muros en ambiente fresco.





## *Lonicera periclymenum* L.



*Lonicera periclymenum.* Froitos



*Lonicera periclymenum.* Flores

**Gal.:** CABRIFOLLO
**Cast.:** MADRESELVA
**Fam.:** CAPRIFOLIACEAE
**Descr.:** Arbusto rubidor, aromático. Talos avermellados no extremo. Follas simples, pecioladas, opostas, enteiras, agudas, persistentes, co último par sen pecíolos. Flores en glomérulos pedunculados cun par de brácteas sésiles e libres entre si. Corola bilabiada con pelos glandulosos, con tubo longo, de cor variable que oscila de amarelo a rosado pálido. Froito en baga vermella redondeada.
**Distr.:** Europa occidental e NO de África.
**Háb.:** Bosques, sebes, muros.

## *Rubia peregrina* L.

**Gal.:** GRANZA **Cast.:** RUBIA
**Fam.:** RUBIACEAE
**Descr.:** Arbusto rubidor, sufrútice. Follas verticiladas, coriáceas, persistentes, con dentes na marxe. Inflorescencias axilares que superan ás respectivas follas. Corola con 5 pétalos soldados formando un tubo máis curto que os lóbulos. Froito carnoso negro, redondeado, de 4-6 mm de diámetro.



**Distr.:** Rexión Mediterránea penetrando na Eurosiberiana no N da península Ibérica, metade occidental de Francia e SO de Gran Bretaña e Irlanda.
**Háb.:** Bosques caducifolios termófilos e bosques esclerófilos mediterráneos.

## *Solanum dulcamara* L.



*Solanum dulcamara.* Flores



*Solanum dulcamara.* Froitos

**Gal.:** DULCAMARA **Cast.:** DULCAMARA
**Fam.:** SOLANACEAE
**Descr.:** Arbusto rubidor só leñoso na porción inferior. Follas pecioladas, alternas, enteiras ou pinnatipartidas con 1-4 lóbulos estreitos na base do limbo cerca do pecíolo e terminadas nun lóbulo ovado-lanceolado. Flores en cimas extraaxilares. Corola violeta, con 5 pétalos soldados inferiormente e lóbulos abertos en forma de estrela. Anteras concrescentes fóra do tubo da corola. Froito en baga de cor vermella na madurez.
**Distr.:** Europa, excepto no extremo N, N de África, O de Asia.
**Háb.:** Ameneirais e salgueirais de ribeira.

## *Tamus communis* L.

**Gal.:** NORZA NEGRA **Cast.:** NUEZA NEGRA
**Fam.:** DIOSCORIACEAE
**Descr.:** Planta rubidora de talos volubles, dioica, glabra, con tubérculo napiforme. Talos anuais que poden alcanzar varios metros. Follas alternas, pecioladas, simples, de limbo acorazonado co ápice moi agudo e nerviación reticulada. Flores en acios axilares, cada unha con 6 tépalos lineares. Froito en baga avermellada na madurez.



**Distr.:** Rexión Mediterránea con penetración na Eurosiberiana. Na Península falta no SL árido e en amplas zonas do C e L.
**Háb.:** Bosques, sebes, bosquetes e orlas espiñosas. Con clara preferencia polos ambientes termófilos en Galicia.

# Matogueiras

## Papilionáceas fruticosas

| Clave de papilionáceas fruticosas | | |
|---|---|---|
| **1.b** | Arbusto non espiñoso | **2** |
| **1.a** | Arbusto espiñoso | **6** |
| **2.a** | Cáliz e froito con pelos glandulosos | ***Adenocarpus lainzii*** |
| **2.b** | Cáliz e froito sen pelos glandulosos | **3** |
| **3.a** | Con follas unifolioladas | **4** |
| **3.b** | Con follas unifolioladas e trifolioladas | **5** |
| **4.a** | Ramas con 5 costelas redondeadas. Estandarte de cor crema | ***Cytisus ingramii*** |
| **4.b** | Ramas con 10 costelas en forma de T. Estandarte amarelo | ***Genista florida* subsp. *polygalyphylla*** |
| **5.a** | Legume piloso só na comisura das valvas | ***Cytisus scoparius*** |
| **5.b** | Legume coas valvas totalmente pilosas | ***Cytisus striatus*** |
| **6.a** | Arbustos adultos con follas laminares pecioladas | ***Genista berberidea*** |
| **6.b** | Arbustos adultos sen follas laminares pecioladas | **7 (X. *Ulex*)** |
| **7.a** | Con fortes espinas vulnerantes. Corola > 1,5 cm | ***Ulex europaeus*** |
| **7.b** | Con espiñas pouco vulnerantes. Corola < 1,5 cm | ***Ulex galli*** |

## Xestas, codesos e piornos

Son o compoñente principal de comunidades vexetais fruticosas, as xesteiras, que constitúen unha das primeiras etapas de substitución do bosque potencial. Teñen aspecto de masas densas e compactas nas que adoita dominar unha das especies participantes. O seu desenvolvemento óptimo ten lugar sobre solos profundos, nitroxenados no caso das codeseiras.

### *Adenocarpus lainzii* (Castrov.) Castrov.

***A. complicatus*** **subsp.** ***lainzii*** **Castrov.;** ***A. intermedius sensu*** **Merino**

**Gal.:** CODESO **Cast.:** CODESO
**Fam.:** PAPILIONACEAE
**Descr.:** Arbusto perennifolio, moi ramoso desde a base, podendo chegar a alcanzar 3 m de altura. Follas pecioladas, trifolioladas, en ocasións en fascículos, glabras na face e máis ou menos pilosas no envés. Inflorescencia no extremo das ramas. Flores pedunculadas, con brácteas caducas e bractéolas. Cáliz cuberto de pelos glandulosos, con dous labios de maior tamaño que o tubo. Corola amarela. Legume de ata 3 cm de longo con abundantes pelos glandulosos na superficie.
**Distr.:** Endemismo do N, NO e O da península Ibérica.
**Háb.:** Orlas forestais, xesteiras e antigos terreos de cultivo abandonados. Ten certo carácter primocolonizador sobre solos despexados e nitrificados.



## *Cytisus ingramii* Blakelock
### *Cytisus commutatus sensu* Talavera *pro parte*

**Gal.:** XESTA **Cast.:** ESCOBA
**Fam.:** PAPILIONACEAE



**Descr.:** Arbusto de ata 3 m moi ramificado desde a base. Ramiñas con 5 costelas redondeadas e indumento dobre de pelos longos nas costelas e pelos crespos nos vales. Follas unifolioladas, pecioladas, con pelos prateados no envés e glabrescente na face. Flores axilares, xeminadas, pedunculadas sobre as brácteas en ramas do ano anterior. Cáliz piloso. Corola papilionácea co estandarte de cor crema. Estilo arqueado. Legume totalmente cuberto de pelo.
**Distr.:** Endemismo do O de Asturias e N de Galicia.
**Háb.:** Orla de bosques caducifolios e cultivos forestais. Chega polo N a colonizar os escarpados acantilados cerca do Cabo Ortegal.

**Simil.:** *Cytisus scoparius* (L.) Link

(**Gal.:** XESTA NEGRA; **Cast.:** ESCOBA NEGRA), amplamente repartida en Galicia e natural de Europa e Macaronesia. Ten follas trifolioladas e pecíolos netos nos talos adultos, cáliz glabro, corola totalmente amarela e legume piloso só na comisura das dúas valvas.



Flores de *Cytisus scoparius*



Legumes de *Cytisus scoparius*

**Simil.:** ***Cytisus striatus* (Hill) Rothm.**

(**Gal.:** XESTA MANSA; **Cast.:** ESCOBÓN MORISCO) é unha especie natural do O da península Ibérica e NO de Marrocos. Os talos teñen 8 costelas ensanchadas no ápice que non deixan ver o espazo intercostal. Follas unifolioladas e trifolioladas. Cáliz piloso. Corola amarela. Con dous estames máis longos que os demais. Legume totalmente cuberto de pelo. Xunto á anterior, forma as xesteiras, arbustais moi comúns en Galicia.



Legumes de *Cytisus striatus*

## *Genista florida* L. subsp. *polygaliphylla* (Brot.) Cout.

***Genista polygaliphylla* Brot.**

**Descr.:** Fanerófito arbustivo que chega a superar os 2 m de altura, moi ramificado desde a base. Talos longos, flexuosos, con (8)10(12) costelas en forma de T, con diferente tipo de indumento nos vales e costelas, de cor marrón claro en ramas maduras. Follas alternas, estipuladas, unifolioladas, seríceas, con indumento máis denso no envés. Inflorescencia en acios terminais sobre ramas do ano. Flores pediceladas, con brácteas e bractéolas. Cáliz bilabiado, seríceo. Corola de cor amarela pálida. Legume de 10-25 x 3,5-6 mm, seríceo.



**Distr.:** SO de Francia, metade N da península Ibérica e N de Marrocos.

**Háb.:** Xesteiras e orla de bosques en zonas altas.

## Papilionáceas espiñosas

A toxeira, que ocupa unha gran extensión na Galicia atlántica, foi tradicionalmente valorada por constituír unha importante fonte de cama para gando e xerador de solos férteis. Dos toxos existentes en Galicia, polo menos dous están representados dentro dos límites do parque, aínda que se poden distinguir dous tipos morfolóxicos distintos dentro do complexo grupo *Ulex europaeus*. Ademais, nas matogueiras higrófilas vive outra leguminosa emparentada.

## *Genista berberidea* Lange

**Fam.:** PAPILIONACEAE
**Descr.:** Arbusto espiñoso de ata 1,5 m. Follas alternas, trifolioladas cos folíolos laterais espinulosos e con aparencia de brácteas. Inflorescencia umbeliforme con 3-5 flores pedunculadas. Pedúnculo peloso. Cáliz bilabiado, viloso. Corola papilionácea amarela, coa quilla, de c. 1 cm, maior que o estandarte. Legume de c. 1 cm falcado no ápice e ciliado na unión das 2 valvas.
**Distr.:** Endemismo do NO ibérico, Galicia excepto Ourense e N de Portugal.
**Háb.:** Brañas e turbeiras con matogueira higrófila.





## *Ulex europaeus* L.

**Gal.:** TOXO ARNAL **Cast.:** TOJO
**Fam.:** PAPILIONACEAE



**Descr.:** Arbusto que pode superar os 2 m de altura, moi ramificado e con fortes espiñas vulnerantes. Ramas sucadas de vales e costelas, con indumento dobre de pelos nas novas. Flores pedunculadas con brácteas pouco máis longas que anchas. Corola papilionada amarela coas ás máis longas que a quilla.
**Distr.:** Europa occidental. Na península Ibérica, como autóctona, apenas supera a cornixa cantábrica e o NO, aínda que se cultivou noutras rexións.
**Háb.:** Especie dominante de parte das toxeiras galaicas. Tamén é un compoñente habitual doutros arbustais como as xesteiras.

## *Ulex gallii* Planch.

**Gal.:** TOXO MOLAR **Cast.:** TOJO MENOR
**Fam.:** PAPILIONACEAE
**Descr.:** Arbusto espiñoso que non adoita superar 1 m de altura. Espiñas primarias rectas ou curvadas, de menos de 3 cm, con outras de menor porte na base. Flores con pedúnculos de 3-6 mm. Cáliz bilabiado de 10,5-12 mm de lonxitude e labio superior de 2,5-4 mm de anchura. Corola amarela. Legume piloso de tamaño similar ao do cáliz.



**Distr.:** SO de Europa baixo influencia atlántica. N da península Ibérica.
**Háb.:** Toxeiras, orlas e lindeiros de bosques.
**Simil.:** ***U. g.* subsp. *breoganii* (Castrov. & Valdés Bermejo) Rivas-Mart. *et al.*,** endémica de Galicia e do N de Asturias, diferénciase pola menor lonxitude do cáliz e a menor anchura do seu labio superior.

## Breixos

No territorio do parque natural a maioría dos breixos forman parte da toxeira, de tal forma que un nome máis correcto atendendo á natureza dos seus constituíntes é o de toxeira-breixeira. Existe, non obstante, unha clara correspondencia de cada un dos breixos cunha comunidade ou hábitat determinado.

**Clave de identificación das ericáceas**

| | | |
|---|---|---|
| **1.a** | Flores de cor branca | **2** |
| **1.b** | Flores de cor rosa, malva ou violácea | **3** |
| **2.a** | Follas planas de máis de 2 cm de ancho. Froito carnoso, vermello | ***Arbutus unedo*** |
| **2.b** | Follas ericoides de menos de 1 cm de anchura. Froito non carnoso | ***Erica arborea*** |
| **3.a** | Follas imbricadas como escamas arredor dos talos novos | ***Calluna vulgaris*** |
| **3.b** | Follas de distinta forma | **4** |
| **4.a** | Follas de, polo menos, 3 mm de anchura, non ciliadas no bordo | **5** |
| **4.b** | Follas de menos de 2 mm de anchura | **6** |
| **5.a** | Follas verdes por ambas as caras. Fr. carnoso, violáceo | ***Vaccinium myrtillus*** |
| **5.b** | Follas de cor verde por unha cara e branca pola outra. Corola avermellada | ***Daboecia cantabrica*** |
| **6.a** | Follas con cilios no bordo | **7** |
| **6.b** | Follas sen cilios no bordo | **9** |
| **7.a** | Flores aglomeradas no extremo terminal do talo, como nunha umbela | **8** |
| **7.b** | Flores dispostas ao longo da última porción do talo | ***Erica ciliaris*** |
| **8.a** | Ovario glabro | ***Erica mackaiana*** |
| **8.b** | Ovario piloso | ***Erica tetralix*** |
| **9.a** | Os estames asoman a través da corola | ***Erica umbellata*** |
| **9.b** | Estames ocultos no interior da corola | **10** |
| **10.a** | Sépalos avermellados. Flores na primavera | ***Erica australis* subsp. *aragonensis*** |
| **10.b** | Sépalos verdosos. Flores no verán. Follas en verticilos | ***Erica cinerea*** |

## *Calluna vulgaris* (L.) Hull

**Gal.:** QUEIROGA COMÚN **Cast.:** BRECINA
**Fam.:** ERICACEAE



**Descr.:** Arbusto que non adoita superar 1 m de altura. Follas de 1-3 mm, pregadas, imbricadas e opostas dúas a dúas. Flores en acios terminais, axilares, curtamente pedunculadas, pilosas, tetrámeras. Sépalos libres, petaloideos, rosas ou brancos. Corola rosada, acampanada e persistente tras a floración. Anteras dos estames con apéndices. Ovario piloso.
**Distr.:** Nativa de Europa e NO de África e introducida en Norteamérica. Con ampla presenza na península Ibérica
**Háb.:** Toxeira-breixeira, breixeira, noiros, orla de bosques e outras matogueiras.

## *Daboecia cantabrica* (Huds.) K. Koch

### *Bryanthus polifolius* (Juss.) Merino

**Gal.:** QUEIROGA MAIOR **Cast.:** BREZO VIZCAÍNO
**Fam.:** ERICACEAE
**Descr.:** Subarbusto menor de 50 cm con ramas ascendentes flexibles e pouco lignificadas. Follas de menos de 2 cm, simples, enteiras, alternas, planas con bordos revolutos, curtamente pecioladas, coa face verde brillante e envés branco. Flores en acios terminais, pedunculadas, colgantes. Corola púrpura de pétalos soldados (9-15 mm). Estames inclusos con anteras saxitadas na base.



**Distr.:** Atlántica. O de Irlanda e Francia e península Ibérica, desde o NO de Portugal seguindo pola cornixa cantábrica ata Navarra e puntualmente no Sistema Ibérico.
**Háb.:** Toxeira-breixeira, noiros, muros, orlas de bosque.

## *Erica arborea* L.

**Gal.:** UZ BRANCA
**Cast.:** BREZO BLANCO, BREZO ARBÓREO
**Fam.:** ERICACEAE



**Descr.:** Arbusto que supera facilmente 2 m de altura. Follas lineares en verticilos de 3-4. Inflorescencias moi numerosas no ápice de ramiñas laterais, umbeliformes. Flores pedunculadas. Sépalos abrancazados. Corola de pétalos soldados, branca, de pequeno tamaño (2-3,5 mm). Anteras con apéndices na base. Ovario glabro.
**Distr.:** Rexión Mediterránea, N, C e L de África e Illas da Macaronesia. Ampla distribución na península Ibérica.
**Háb.:** Especie ubicua que habita tanto no sotobosque de bosques caducifolios e perennifolios, como en valgadas e matogueiras, desde a proximidade da costa á alta montaña.

## *Erica australis* L. subsp. *aragonensis* (Willk.) Cout.
***Erica aragonensis* Willk.; *Erica occidentalis* Merino**

**Gal.:** UZ VERMELLA **Cast.:** BREZO ROJO
**Fam.:** ERICACEAE
**Descr.:** Fanerófito arbustivo que pode chegar a medir 2 m de altura. Follas de 3-7 x 0,4-0,8 mm, en verticilos de 4, erecto-patentes, lineares, revolutas que non permiten apreciar o envés.



Inflorescencias umbeliformes no ápice das ramiñas laterais. Flores pediceladas. Sépalos avermellados. Corola de pétalos soldados, tubular, rosada. Estames coas anteras inclusas ou co ápice levemente saínte. Apéndices das anteras laciniados ou dentados. Ovario piloso.
**Distr.:** Endemismo do N e NO da península Ibérica.
**Háb.:** Breixeiras e breixeiras-toxeiras.

## *Erica ciliaris* Loefl. *ex* L.

**Gal.:** QUEIROGA VELUDA, CARROUCHA
**Cast.:** ARGAÑA
**Fam.:** ERICACEAE



**Descr.:** Arbusto de case 1 m de altura. Follas simples, planas, elípticas, en verticilos de 3-4, ciliadas no bordo. Inflorescencia en acio lateral. Pedúnculos con pelos avermellados. Corola de pétalos soldados cunha constrición cerca do ápice. Anteras, sen apéndices na base, unidas ao filamento polo dorso. Froito en cápsula glabra.
**Distr.:** O de Europa e NO de África. Na península Ibérica na cornixa cantábrica, NO e O ata Málaga. Aparece en todas as provincias galegas; escasea máis en Ourense.
**Háb.:** Brañas e breixeira-toxeira higrófila.

## *Erica cinerea* L.

**Gal.:** QUEIROGA DE TRES FOLLAS
**Cast.:** BREZO CENICIENTO
**Fam.:** ERICACEAE
**Descr.:** Arbusto de ata case 1 m. Talos novos pilosos de aspecto cincento. Follas lineares, erecto-patentes, en verticilos de 3 con fascículos de follas axilares. Inflorescencia paniculiforme. Flores pedunculadas. Sépalos con aspecto de follas. Corola de pétalos soldados lixeiramente lobulada no ápice, rosada ou violácea, de 5-7,5 mm. Anteras con apéndices na base. Ovario glabro.



**Distr.:** Especie que se extralimita pouco do C e O de Europa. Na península Ibérica atópase na metade N, enrarecéndose cara ao L.
**Háb.:** Breixeiras, claros e sotobosque manexado.

## *Erica mackaiana* Bab.

**Fam.:** ERICACEAE



**Descr.:** Arbusto que rolda 0,5 m de altura. Follas planas coa marxe revoluta, en verticilos de 4, patentes, con indumento de cilios glandulíferos. Inflorescencias terminais densas, umbeliformes. Sépalos semellantes ás follas, ciliados, con pelo glandulífero apical longo. Corola de pétalos soldados, rosa pálida. Anteras con apéndices na base. Ovario glabro.
**Distr.:** Área moi restrinxida limitada ao extremo sur de Irlanda e unha estreita franxa da cornixa cantábrica que vai desde Cantabria ao N de Galicia.
**Háb.:** Toxeira-breixeira sobre solos frescos e húmidos (turbeiras, brañas).

## *Erica tetralix* L.

**Gal.:** CARROUCHA **Cast.:** BREZO EN CRUZ
**Fam.:** ERICACEAE
**Descr.:** Arbusto que xeralmente non supera os 50 cm de altura. Follas en verticilos de 4, simples, planas, patentes, con cilios glandulosos na marxe. Inflorescencia terminal, en densa disposición umbeliforme, lixeiramente unilateral. Corola de pétalos soldados de cor rosa máis ou menos intensa. Anteras con apéndices na base. Ovario piloso.



**Distr.:** N e O de Europa. Na península Ibérica chega ao C, N e NO.
**Háb.:** Brañas, turbeiras, breixeira-toxeira edafohigrófilo.

## *Erica umbellata* Loefl. *ex* L.

**Gal.:** QUEIROGA DE UMBELA **Cast.:** MOGARIZA
**Fam.:** ERICACEAE



**Descr.:** Arbusto que non adoita superar os 50 cm de altura. Talos de casca pardo-avermellada. Follas lineares e revolutas en verticilos de 3, de marxe ciliada en fase xuvenil. Inflorescencias umbeliformes, terminais. Corola de pétalos soldados, pequena (menor de 5 mm), rosada. Estames coas anteras sen apéndices na base, unidas ao filamento polo dorso e exertas da corola.
**Distr.:** Mediterránea occidental desde a metade O da península Ibérica ata o NO de África.
**Háb.:** Breixeiras e toxeiras-breixeiras en superficies sen acumulación de auga como solos pouco profundos, erosionados, etc.

# Outros arbustos na toxeira-breixeira

## *Cistus psilosepalus* Sweet
### *Cistus hirsutus* Lam.



**Gal.:** CARPAZA
**Cast.:** CARPAZO
**Fam.:** CISTACEAE
**Descr.:** Camefito arbustivo moi ramificado. Follas sen pecíolo, planas ou lixeiramente revolutas, coa face de cor verde intensa e con pelos simples espallados; envés con pelos estrelados. Flores con pedúnculo de 5-14 mm. 5 sépalos iguais, hirsutos e longamente ciliados. Pétalos brancos con mancha basal amarela.
**Distr.:** N, NO e O peninsular; algunhas localidades francesas no litoral atlántico.
**Háb.:** Toxeira-breixeira.

## *Halimium lasianthum* (Lam.) Spach subsp. *alyssoides* (Lam.) Greuter

**Gal.:** CARQUEIXA BOIEIRA **Cast.:** CARPAZA AMARILLA
**Fam.:** CISTACEAE
**Descr.:** Camefito arbustivo con ramas moi ramificadas. Ramiñas con tomento de pelos estrelados de brazos moi longos e outros tipos de pelos. Follas de ramas estériles curtamente pecioladas; as das ramas fértiles sésiles. Pedicelos das flores con pelos simples unicelulares e ás veces pluricelulares glandulíferos e avermellados. Pétalos amarelos (7-13 mm).



**Distr.:** Cuadrante NO da península Ibérica e SO de Francia.
**Háb.:** Breixeiras e breixeiras-toxeiras.

## *Lithodora prostrata* (Loisel.) Griseb.
### *Lithospermum prostratum* Loisel.

**Gal.:** HERBA DAS DOAS
**Cast.:** FLOR DE LAS SIETE SANGRÍAS
**Fam.:** BORAGINACEAE



**Descr.:** Arbustiño moi ramificado con talos moi finos, flexibles, procumbentes, frecuentemente apoiados e levantados por outros arbustos. Follas alternas, sésiles, cos bordos só lixeiramente revolutos. Corola regular, azul, pilosa, cos pétalos soldados formando un tubo longo que termina en 5 lóbulos. 5 estames cos filamentos parcialmente soldados ao tubo da corola e anteras a distinto nivel. Estilo inserto dentro da corola.
**Distr.:** Provincia atlántica europea.
**Háb.:** Toxeiras e breixeiras.

## *Thymelaea coridifolia* (Lam.) Endl.

**Fam.:** THYMELAEACEAE
**Descr.:** Arbusto dioico con ramas rastreiras ou en ocasións ascendentes. Follas lineares de menos de 1 cm, fortemente imbricadas nas ramas novas, pilosas cando son novas, logo glabras e finalmente desaparecen dos talos adultos. Flores solitarias axilares, sésiles; corola amarela con estames ou estilo. Froito encerrado dentro da corola persistente.



**Distr.:** Endemismo do NO ibérico, cornisa e cordilleira cantábrica e Serra da Estrela en Portugal.
**Háb.:** Claros de toxeiras e solos pouco profundos con afloramento de rochas.

## Herbáceas en brañas e toxeira-breixeira

A toxeira-breixeira dálles poucas oportunidades ás plantas herbáceas cando se presenta cunha estrutura pechada e compacta. Apenas unhas poucas gramíneas son capaces de medrar neste ambiente. Porén, na proximidade de cursos de auga e nas brañas, o gando abre camiños e a matogueira é substituída por pastos que incorporan plantas herbáceas con flores atraentes.

### *Anagallis tenella* (L.) L.

**Gal.:** HERBA DA RABIA
**Cast.:** ANAGALIDE DE PANTANO
**Fam.:** PRIMULACEAE
**Descr.:** Herbácea perenne. Talo procumbente, enraizante nos nós. Follas opostas con pecíolo curto. Flores solitarias con pedúnculo máis longo que a folla axilante. Corola de cor rosa pálida a branca, de ata 1 cm de longa. Filamentos dos estames con pelos longos na base.
**Distr.:** Metade O de Europa e rexión mediterránea occidental. Amplo repartimento na Península pero xeralmente en poboacións de pequeno tamaño.
**Háb.:** Turbeiras, terreos con encharcamento temporal e con drenaxe deficiente.



## *Centaurium scilloides* (L. fil.) Samp.



**Fam.:** PRIMULACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz, lampa. Talos tendidos, foliosos, cuadrangulares, finos. Follas simples, opostas, brevemente pecioladas, de ápice obtuso, trinervadas. Flores pedunculadas en cimas dicótomas. Cáliz de sépalos soldados terminados no terzo superior en 5 lacinias estreitas. Corola rosada co tubo tan longo como o cáliz. 5 estames cuxas anteras asoman polo tubo da corola.
**Distr.:** Costas atlánticas de Europa desde o N de Portugal ata as Illas Británicas e Os Azores.
**Háb.:** Claros de toxeiras-breixeiras e solos pouco profundos.

## *Crocus serotinus* Salisb. subsp. *clusii* (Gay) Mathew

**Gal.:** SAFRÁN BRAVO, TOLLEMERENDAS
**Cast.:** CROCO PURPÚREO
**Fam.:** IRIDACEAE
**Descr.:** Xeofito de floración outonal, acaule. Tuberobulbo rodeado de túnica papirácea que se desfai en fibras reticuladas. Escapos hipoxeos na antese que se alongan na frutificación. Follas paralelinervias que comezan a emerxer durante a antese. Flor única de cor violeta intensa, regular, con 6 tépalos. Tubo do periantio de máis de 40 mm, moito máis longo que os lóbulos. Estilo alaranxado.



**Distr.:** Endemismo de Portugal e O de España.
**Háb.:** Pasteiros e claros de matogueira.

## ***Cuscuta epithymum*** **(L.) L.**

**Fam.:** CUSCUTACEAE



**Descr.:** Planta anual, parásita, sen clorofila. Talos volubles, rubidores, avermellados. Flores en glomérulos de 7-10 mm de diámetro. Cáliz con 5 sépalos soldados, lobulado no ápice. Corola branca con 5 pétalos soldados, con lóbulos coniventes no ápice. Estilo o dobre de longo que o ovario, estigmas alongados. Estames exertos.
**Distr.:** Holártica. Repartida nas rexións eurosiberiana e mediterránea en Europa.
**Háb.:** Parásita de especies arbustivas, con preferencia en Galicia polos toxos (*Ulex* sp.)

## ***Deschampsia flexuosa*** **(L.) Trin.**

**Descr.:** Hemicriptofito cespitoso, con talos pouco foliosos que non adoitan superar os 50 cm. Follas paralelinervias con lígula de 1-3 mm. Panícula laxa con ramas flexuosas, cos pedicelos máis longos que as espiguiñas. Espiguiña de 4-7 mm con 2 flores fértiles. Glumas subiguais, a inferior con 1 nervio e a superior con 3. Lema denticulada no ápice, de 3-6 mm. Aresta dorsal xeniculada que supera amplamente as glumas.



**Distr.:** Late-eurosiberiana, chegando polo S a Serra Nevada e montañas do N de África. Na península Ibérica no N, NW, Sistema Ibérico, Sistema Central e Serra Nevada.
**Háb.:** Claros de matogueira, brañas.

## *Drosera intermedia* Hayne

**Gal.:** RORELLA **Cast.:** ATRAPAMOSCAS
**Fam.:** DROSERACEAE



**Descr.:** Herbácea insectívora perenne e agrupada en colonias. Follas en roseta basal, con pecíolo glabro algo maior que o limbo; este con abundantes pelos glandulares longos e curtos e forma ovada. Escapos laterais curvado-ascendentes con 3-12 flores. Corola con 5 pétalos brancos de menos de medio cm cada un.
**Distr.:** Holártica con presenza en América do N e Eurasia. Na península Ibérica percorre a cornixa cantábrica e atlántica ata Lisboa. Desaparece en Galicia cara ao interior.
**Háb.:** Turbeiras e claros de matogueiras e pasteiros higrófilos.
**Simil.:** ***Drosera rotundifolia* L.** presenta o limbo das follas máis redondeado e bruscamente atenuado nun pecíolo pubescente. É habitual en medios semellantes no interior de Galicia. Detectáronse noutras zonas de contacto a existencia de híbridos entre ambos os taxons **(*D. x beleziana* E.G. Camus).**

## *Pedicularis sylvatica* L.

**Gal.:** HERBA PIOLLEIRA **Cast.:** GALLARITA
**Fam.:** SCROPHULARIACEAE
**Descr.:** Herbácea con talos floríferos de dous tipos, o central erecto e os laterais rastreiros e finalmente ascendentes. Follas pinnatisectas cos lóbulos dentados. Inflorescencias en acios laxos, con brácteas foliosas. Flores con pedúnculo moi curto. Cáliz cos sépalos soldados, non bilabiado, terminado en dentes ciliados nos bordos. Corola rosada, bilabiada, co labio superior en forma de carapucha.



**Distr.:** Eurosiberiana de tendencia atlántica. N, O e serras da metade N da península Ibérica.
**Háb.:** Pasteiros en brañas e matogueiras higrófilas.

## *Potentilla erecta* (L.) Raeuschel
### *Potentilla fallax sensu* Merino

**Gal.:** SOLDA, SETE NA RAMA **Cast.:** TORMENTILLA



**Fam.:** ROSACEAE

**Descr.:** Herbácea perenne con talos rastreiros ou ascendentes. Follas basais pecioladas, prontamente caducas, as caulinares sentadas ou con pecíolo moi curto, palmatisectas divididas en 3(5) segmentos. Con estípulas que en follas medias e inferiores poden confundirse coas follas. Flores solitarias axilares e en cimas paucifloras. Cáliz con 4 sépalos e calículo de pezas externas. Corola con 5 pétalos amarelos.

**Distr.:** Eurasiática, NO de África, Madeira e Os Azores. Na Península escasea no S e L. Moi común en Galicia.

**Háb.:** Ambientes con humidade edáfica en claros de toxeiras e breixeiras-toxeiras, herbeiras higrófilas, bordos de cursos de auga, pastos de montaña, etc.

## *Potentilla montana* Brot.

**Fam.:** ROSACEAE

**Descr.:** Herbácea de cepa prostrada e frecuentemente con gromos laterais enraizantes. Follas pecioladas, estipuladas, co limbo dividido en 3 folíolos dentados só no terzo final e densamente pilosos. Flores pedunculadas. Cáliz con 5 sépalos e un calículo formado por 5 pezas de menor tamaño. Corola con 5 pétalos de cor branca. Aquenios con pelos longos caducos.



**Distr.:** Atlántica. Desde o C e O de Francia ata o NO da península Ibérica.

**Háb.:** Claros de breixeira e pastos sobre terreos frescos. Tamén en claros do bosque.

## *Romulea bulbocodium* (L.) Sebastiani & Mauri

**Gal.:** MERENDEIRAS, ABEIROTA
**Fam.:** IRIDACEAE



**Descr.:** Herbácea con tuberobulbo. Escapos hipoxeos na antese que se alongan na frutificación. Follas paralelinervias que superan longamente as flores. Inflorescencia con frecuencia con 1-6 flores, con brácteas e bractéolas. Flores regulares con 6 tépalos, os internos de cor malva e garganta amarelenta pola cara interna, e cor violácea pálida pola cara externa; os externos violáceos. Tubo do periantio de menos de 10 mm. Estigmas por encima dos estames.
**Distr.:** Rexión mediterránea con penetración na rexión eurosiberiana.
**Háb.:** Solos pouco profundos, pasteiros pioneiros vivaces, pastos en claros de matogueira.

# Herbáceas nemorais

O solo do bosque está cuberto de follaxe e ramas secas cuxa humificación contribúe a devolverlle á terra os nutrientes utilizados polos vexetais. Este ambiente caracterízase, ademais, por permanecer baixo unha sombra intensa durante o extenso período de foliación do arboredo. Nestas condicións só prosperan algunhas herbáceas chamadas esciófilas (amantes da sombra). Adoitan ser plantas vivaces de floración primaveral, con órganos perdurantes subterráneos ou a rentes do solo.

## *Adenostyles alliariae* (Gouan) A. Kern. subsp. *hybrida* (DC.) Tutin

***A. alliariae* subsp. *pyrenaica* (Lange) P. Fourn**

**Fam.:** ASTERACEAE
**Descr.:** Herbácea rizomatosa. Talo erecto (ata 120 cm). Follas grandes, as basais longamente pecioladas, con limbo de acorazonado a reniforme co bordo fortemente dentado, cuxos dentes non difiren en máis de 0,5 cm. Follas caulinares escasas e con pecíolo progresivamente menor cara ao ápice. Inflorescencia corimbiforme constituída por numerosos capítulos estreitos de flores púrpuras.
**Distr.:** Endémica do S europeo. Na península no eixo pirenaico-cantábrico con poboacións disxuntas no Sistema Central.



**Háb.:** Bosques, marxe de regatos. É máis frecuente na alta montaña pero descende na Galicia norte, refuxiándose no ambiente fresco proporcionado polo bosque ripario.

## *Ajuga reptans* L.

**Gal.:** BÚGULA **Cast.:** CONSUELDA MEDIA
**Fam.:** LAMIACEAE



**Descr.:** Vivaz, con estolóns superficiais. Talos floridos cuadrangulares, con só 2 caras pilosas que cambian en cada nó. Follas enteiras, as inferiores con longo pecíolo. Limbo de bordo crenado. Inflorescencias en verticilastros terminais, distanciados, con brácteas foliáceas de tamaño similar ás flores. Corola branco-azulada, cigomorfa, co labio inferior con 3 lóbulos desiguais e o superior moi pequeno.
**Distr.:** Eurosiberiana con penetración na rexión mediterránea. Abunda no extremo N e NO da península Ibérica, chegando puntualmente ao Sistema Central.
**Háb.:** Bosque caducifolio e as súas orlas herbáceas.

## *Alliaria petiolata* (M. Bieb.) Cavara & Grande

**Gal.:** HERBA DOS ALLOS **Cast.:** HIERBA DEL AJO
**Fam.:** BRASSICACEAE
**Descr.:** Herbácea bienal con olor a allo ao fretala. Talos erectos, ramificados apicalmente, pilosos na base e glabros no resto. Follas simples, pecioladas, con limbo acorazonado e bordo sinuado-dentado. Inflorescencia en acio. Flores pedunculadas. Corola con 4 pétalos brancos opostos dous a dous. Froitos en silicua algo arrosariada.



**Distr.:** Europa, O de Asia e N de África. Introducida noutros continentes.
**Háb.:** Preferentemente é unha herbácea nemoral en bosques riparios.

## *Anemone nemorosa* L.
### *Anemone francoana* Merino

**Gal.:** ANÉMONA **Cast.:** NEMOROSA
**Fam.:** RANUNCULACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz con rizoma horizontal de cor parda. Follas longamente pecioladas, palmatisectas pequenas, con 3-5 segmentos irregulares. Brácteas semellantes ás follas, máis pequenas. Flores solitarias, pedunculadas, cun só verticilo de 5 sépalos petaloideos de cor branca. Numerosos estames con anteras de cor amarela. Froito en poliaquenio esférico. Carpelos pilosos cunha soa semente.



**Distr.:** Holártica. Europa, O de Asia e N de América. N da península, co seu límite sur nas serras da fronteira hispano-portuguesa.
**Háb.:** Nemoral. Habita en solos frescos do sotobosque e na súa orla herbácea.

## *Allium victorialis* L.

**Gal.:** ALLO **Cast.:** AJO
**Fam.:** ALLIACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz con bulbo alongado e vertical recuberto exteriormente por unha túnica membranosa. Follas con pecíolo longo e vaíña curta. Inflorescencia en umbela globosa. Flores campanuladas, cunha soa envolta de 6 tépalos branco-verdosos de 4-6,5 mm. Os estames sobresaen longamente da corola.



*Allium victorialis*

**Distr.:** Montañas do C e S de Europa. Na península Ibérica expándese desde os Pireneos, seguindo pola cordilleira cantábrica ata o NO.
**Háb.:** Bosques frescos con humidade edáfica. Ao descender da alta montaña, a súa ecoloxía queda limitada a bosques de ribeira e bordo de regatos que atravesan bosques mesófilos.
**Simil.:**
***Allium ursinum* L.** presenta a inflorescencia en umbela plana, os tépalos teñen 9-12 mm de lonxitude e de cor branca nívea, os estames son máis curtos que os tépalos e a túnica externa que recobre o bulbo é membranosa. En Galicia é máis escasa que a especie precedente.



*Allium ursinum*

***Allium triquetrum* L.** ten o bulbo ovoide, talo trígono con 3 ángulos agudos, follas lineares moito máis estreitas que as especies precedentes, flores primeiro erectas e á fin péndulas; floración precoz, no inicio da primavera. É frecuente en cunetas e marxes de camiños da fachada atlántica galega.



*Allium triquetrum*



## *Anthoxanthum amarum* Brot.

**Fam.:** POACEAE
**Descr.:** Herbácea perenne con olor a cumarina nas súas raíces. Talos floridos de ata 1 m de altura, con frecuencia tuberosos na base. Follas de 6-15 mm de anchura, con nervios paralelos, ciliadas. Lígula membranosa. Inflorescencia en panícula condensada. Espiguiñas de 10-13 mm, con 2 flores masculinas ou estériles e unha final hermafrodita. Gluma superior de maior tamaño que a glumela. Glumelas inferiores arestadas.
**Distr.:** Endemismo da península Ibérica. O seu núcleo principal encóntrase no NO. Alcanza as 4 provincias galegas, quedando na provincia de Ourense relegada á alta montaña.
**Háb.:** Require ambiente fresco baixo arboredo, prados e matogueiras. É frecuente nos bosques de ribeira e outros hábitats exixentes en certa humidade freática.

## *Aquilegia vulgaris* L. subsp. *vulgaris*

**Gal.:** HERBA DOS PITOS **Cast.:** FAROLILLOS
**Fam.:** RANUNCULACEAE
**Descr.:** Follas basais con pecíolo; limbo dobremente ternado. Talos divididos por arriba. Flores pedunculadas, reflexas, con 5 sépalos petaloideos de máis de 2 cm e 5 pétalos con esporóns nectaríferos ganchudos. Numerosos estames que sobresaen lixeiramente da corola. Froito en polifolículo, dando orixe cada flor a 5 folículos polispermos.



**Distr.:** C e S de Europa. Abunda sobre todo no N da península Ibérica e falta en parte do S.
**Háb.:** Ambientes frescos en sotobosques e orla destes.

## *Arum italicum* Mill.





**Gal.:** HERBA DAS ANADAS
**Cast.:** ARO
**Fam.:** ARACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz, con tubérculo rizomatoso, acaule. Follas a distinto tempo que as flores, pecioladas, de limbo hastado e en ocasións maculado. Inflorescencia en espiga terminal sobre unha estrutura carnosa chamada espádice e rodeada dunha gran bráctea (espata) de cor branca aberta no tubo. Presenta flores masculinas, femininas e estériles dos dous tipos. Infrutescencia en cilindro cuberto de bagas vermellas.
**Distr.:** Europa, Medio Oriente e N de África. Dispersa na península.
**Háb.:** Bosques nitrificados e alterados por gando, proximidade de núcleos rurais.

## *Circaea lutetiana* L.

**Gal.:** HERBA DOS ENCANTOS
**Cast.:** HIERBA DE LA BRUJA
**Fam.:** ONAGRACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz rizomatosa e estolonífera. Follas opostas, pecioladas, simples, de base redondeada. Flores en acios terminais. Pedúnculo patente na floración e reflexo na frutificación. Cáliz con 2 sépalos caedizos. Corola con 2 pétalos. 2 estames. Os froitos, cubertos de pelos ganchudos, despréndense na madureza xunto ao pecíolo.



**Distr.:** Europa, SO de Asia e N de África. N e NO da península Ibérica.
**Háb.:** Bosques riparios ou sotobosque sombrío e húmido de carballeiras e outros bosques.

## *Euphorbia hyberna* L.

**Gal.:** LEITERENA **Cast.:** LECHETREZNA
**Fam.:** EUPHORBIACEAE



**Descr.:** Herbácea perenne, con rizoma e varios talos robustos de ata 60 cm. Follas sésiles, enteiras, as inferiores caducas e de menor tamaño. Brácteas da inflorescencia libres. Inflorescencia con (4)5(7) radios. Nectarios sen apéndices, elípticos ou reniformes. Froito pedunculado, redondo coa superficie verrugosa.
**Distr.:** Europa atlántica occidental. No N e NO da península Ibérica.
**Háb.:** Nemoral, aparece en grupos no interior de distintos tipos de bosques caducifolios. Indiferente edáfico.
**Simil.:** ***Euphorbia amygdaloides* L.** ten os talos de ata case 1 m, brácteas da inflorescencia soldadas, inflorescencia con 5-8 radios, nectarios con apéndices amarelos con forma de cornos e froito redondeado e liso.

## *Fragaria vesca* L.

**Gal.:** AMORODEIRA **Cast.:** FRESAL SILVESTRE



**Fam.:** ROSACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz con rizoma subterráneo e estolóns epixeos enraizantes nos nós, cunha bráctea na maioría dos entrenós. Deles xorden as rosetas de follas pecioladas, trifolioladas, con limbo serrado nos 2/3 superiores. Flores pedunculadas. Cáliz con 5 sépalos reflexos ou patentes e calículo de 5 pezas. Corola con 5 pétalos de cor branca. Froito en poliaquenio (amorodo).
**Distr.:** Esténdese por gran parte do reino Holártico con probable repartimento en variedades ou subespecies.
**Háb.:** Especie asociada ao manexo de bosques (lindeiros, orlas, cunetas, etc.) e outros ambientes rurais extraforestais.

## *Geranium robertianum* L.

**Gal.:** AGULLEIRA **Cast.:** HIERBA DE SAN ROBERTO
**Fam.:** GERANIACEAE



**Descr.:** Herbácea anual con talos de ata 50 cm. Follas pecioladas, divididas en 3-5 lóbulos bipinnatipartidos ou bipinnadolobulados. Flores pentámeras. Pedúnculos con pelos glandulares. Cáliz con 5 sépalos erectos, libres. Corola con 5 pétalos rosados, libres, de 9-15 mm, con uña longa. Anteras con pole alaranxado. Carpelos con 1-2 nervios apicais e outros menos evidentes en retícula cara á base.
**Distr.:** Eurosiberiana. Amplamente xeneralizada no N da península Ibérica e nos principais macizos montañosos.
**Háb.:** Herbeiras nitrófilas, sombreadas e frescas da orla de carballeiras e as súas etapas de substitución con arboriñas e arbustos de crecemento rápido.
**Simil.:** ***Geranium purpureum* Vill.** ten as flores máis pequenas, con pétalos de 5-9 mm, anteras con pole amarelo e carpelos con nervios transversais no ápice en maior número que a especie precedente.

## *Hypericum androsaemum* L.

**Gal.:** AVELAO, ABELOURA **Cast.:** PERICÓN
**Fam.:** CLUSIACEAE



**Descr.:** Arbusto lignificado só na base con talos que superan 1 m de altura. Follas simples, opostas, de ata 10 x 6 cm, máis ou menos abrazadas ao talo. Flores pentámeras. Sépalos desiguais, reflexos na frutificación. Pétalos amarelos. Estames numerosos en 5 fascículos. Con 3 estilos caedizos. Froito subesférico, indehiscente, que cambia de cor na maduración: primeiro verde, logo amarelo, vermello e finalmente negro.
**Distr.:** S e O de Europa, O de Asia e N de África. Metade N da península Ibérica.
**Háb.:** Ambientes nemorais frescos e húmidos, polo que é frecuente nos bosques de ribeira e na marxe dos regatos que alimentan o seu caudal.

## *Linaria triornithophora* L.



**Gal.:** PAXARIÑOS
**Fam.:** SCROPHULARIACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz de ata 1 m de altura. Talos erectos, máis ou menos fistulosos, simples ou pouco ramosos na metade superior. Follas en verticilos de (3) 4 (5). Inflorescencias terminais con polo menos as flores inferiores verticiladas. Flores pedunculadas. Corola bilabiada, violácea-lila coa garganta amarelenta, cun esporón curvo na base máis longo que o resto da corola. Cápsula máis curta que o cáliz.
**Distr.:** Endemismo do cuadrante NO da península Ibérica.
**Háb.:** Claros e lindeiros forestais, matogueiras.

## *Luzula sylvatica* (Hudson) Gaudin subsp. *henriquesii* (Degen) P. Silva

***Luzula sylvatica* (Huds.) Gaudin subsp. *cantabrica* P. Monts.**

**Fam.:** JUNCACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz con estolóns curtos dos que xorden rosetas de follas e talos floríxenos de máis de 50 cm de altura. Follas de máis de 1 cm de anchura con nervios paralelos e marxe con cilios. Inflorescencia en cimas frouxas, ramificada. Flores de cor parda con tépalos de aspecto escamoso. Estames coas anteras máis longas que os filamentos. Ovario con 3 estilos.



**Distr.:** Endemismo do N e NO da península Ibérica.
**Háb.:** Aínda que o ambiente óptimo se atopa baixo os bidueirais da alta montaña, descende a cotas de baixa altitude seguindo o curso dos ríos. No parque encóntrase formando parte das herbeiras baixo o bosque de ribeira e no bordo do leito de regatos e arroios.

## *Lysimachia nemorum* L.



**Fam.:** PRIMULACEAE
**Descr.:** Herbácea perenne de talos procumbentes que enraízan nos nós. Follas opostas con pecíolo curto. Flores axilares solitarias con pedúnculo varias veces máis longo que a flor. Cáliz persistente formado por 5 sépalos parcialmente soldados. Corola con 5 pétalos parcialmente soldados de cor amarela. 5 estames cos filamentos libres.
**Distr.:** C, O de Europa. Na península Ibérica desde os Pireneos ata o N de Portugal.
**Háb.:** Bosques caducifolios sobre substrato ácido.

## *Melampyrum pratense* L.

**Fam.:** SCROPHULARIACEAE
**Descr.:** Herbácea anual, erecta. Follas curtamente pecioladas, opostas. Inflorescencia terminal, laxa, unilateral. Brácteas foliares sésiles, que se van facendo máis pequenas cara ao ápice, con dentes laciniados cara á base. Corola de 10-20 mm, de amarela a violácea, cos pétalos soldados formando un tubo que se vai ensanchando cara ao ápice, terminada en dous labios moito máis curtos que o tubo. Froito en cápsula dehiscente por un só lado.



**Distr.:** Eurosiberiana. Na península Ibérica atópase na subprovincia cántabro-atlántica, Pireneos e puntos illados nas cordilleiras da metade N.
**Háb.:** Carballeiras e claros de bosque.

## *Omphalodes nitida* Hoffmanss. & Link



**Gal.:** EMBIGUEIRA
**Cast.:** ONFALODES
**Fam.:** BORAGINACEAE
**Descr.:** Planta vivaz con roseta de follas basais e gromos laterais. Talos fértiles ascendentes ou erectos que poden superar 50 cm de altura. Follas lanceoladas, de face lustrosa, as basais longamente pecioladas e as superiores con pecíolo curto ou sentadas. Inflorescencia frouxa, terminal, con brácteas. Flores longamente pediceladas. Cáliz con sépalos de 2-4 mm, ata 7 mm no froito. Corola radial, azul, co cerramento do tubo de cor branca.
**Distr.:** Endemismo do cuadrante NO da península Ibérica.
**Háb.:** Ligada ao ambiente fresco dos bosques caducifolios, tanto na espesura como nas herbeiras que orlan os camiños que os transitan.

## *Oxalis acetosella* L.

**Gal.:** TREVO ACEDO **Cast.:** ACEDERILLA
**Fam.:** OXALIDACEAE
**Descr.:** Herbácea reptante, con rizoma superficial de menos de 1 cm de ancho. Follas compostas de 3 folíolos (1-3 cm) inversamente acorazonados e con escotadura profunda, pecioladas.



Flores solitarias, longamente pedunculadas, acampanadas. Corola con pétalos de 8-15 mm, brancos ou de cor rosa pálida, con veas violáceas.
**Distr.:** Circumboreal.
**Háb.:** Ambientes sombríos e húmidos no interior do bosque e nas súas orlas herbáceas.

## *Pentaglottis sempervirens* (L.) L. H. Bailey

***Caryolopha sempervirens* (L.) Fisch. & Trautv. *Anchusa sempervirens* L.**



**Gal.:** BUGLOSA, LINGUA DE BOI
**Cast.:** BUGLOSA, LENGUA DE BUEY
**Fam.:** BORAGINACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz que chega a alcanzar 1 m de altura, híspida, lixeiramente leñosa na base. Roseta de follas basais de 10-40 cm, atenuadas en pecíolo longo; as caulinares superiores sentadas. Inflorescencia en cimas densas, cunha bráctea semellante a unha folla en cada rama. Corola radial, azul co centro branco. Pétalos soldados formando un tubo curto e con lóbulos de maior tamaño, con 5 escamas pilosas na garganta. Froitos pedunculados, anegrazados, coa superficie reticulado-rugosa.
**Distr.:** Costas atlánticas do SO de Europa. Na península Ibérica principalmente no cuadrante NO. Moi común na Galicia atlántica.
**Háb.:** Herbeiras algo nitrificadas e sombrías na orla de carballeiras, bordo de camiños e outros ambientes ruderais.

## *Polygonatum odoratum* (Miller) Druce

**Gal.:** SOLDACONSOLDA **Cast.:** SELLO DE SALOMÓN
**Fam.:** LILIACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz con rizoma subterráneo. Talos angulosos, arqueados na porción final. Follas sésiles, ovadas ou ovado-lanceoladas. Flores, axilares, pedunculadas, en grupos de 1-2, colgantes, olorosas. Corola con periantio de 6 tépalos brancos, cilíndrica, de ata 3 cm de longa. Froito en baga de cor negra.
**Distr.:** Rexión eurosiberiana con presenza na montaña mediterránea. Na península Ibérica no N, NO e montaña mediterránea.
**Háb.:** Sotobosque de carballeiras mesófilas con ambiente fresco e sombrío.



**Simil.:** ***Polygonatum verticillatum* (L.) All.** diferénciase polas súas follas medias e superiores verticiladas e estreitas, e polo periantio da flor de menor tamaño (5-9 mm). É máis abundante no parque que a especie precedente.

## *Primula acaulis* (L.) L.
### *Primula vulgaris* Hudson

**Gal.:** CÁNCARO **Cast.:** PRIMAVERA
**Fam.:** PRIMULACEAE



**Descr.:** Herbácea perenne. Follas en roseta, atenuadas en pecíolo alado, coa maior anchura do limbo na metade apical. Flores sen escapo ou talo, con longos pedúnculos pilosos de ata 15 cm que xorden do centro da roseta. Cáliz cilíndrico de 1-2 cm. Corola amarela de ata 4 cm de diámetro, cos pétalos soldados en parte da súa lonxitude formando un tubo e terminados en lóbulos.
**Distr.:** S e O de Europa, N de África e Asia Menor.
**Háb.:** Ambientes húmidos e de sombra non moi intensa en bosques mesófilos e riparios, noiros e herbeiras.

## *Pulmonaria longifolia* (Bast.) Boreau

**Cast.:** PULMONARIA
**Fam.:** BORAGINACEAE
**Descr.:** Herbácea rizomatosa que non supera os 50 cm de altura. Follas simples, as basais atenuadas en pecíolo alado máis curto que o limbo, as caulinares sésiles e abrazadoras ao talo. A maior parte dos exemplares galegos non presentan manchas brancas nas follas. Inflorescencia en cima con brácteas e pelos glandulosos. Cáliz de sépalos soldados, cos dentes máis curtos que o tubo. Corola primeiro violácea e azulada na madureza, formada por pétalos soldados en tubo e terminada en 5 lóbulos, pilosa interiormente no comezo do tubo.



**Distr.:** Atlántica, desde o N de Portugal, extremo N da península, O de Francia e puntualmente no S de Inglaterra.
**Háb.:** Bosques caducifolios frescos, ameneirais.

## *Ranunculus ficaria* L.
### *Ficaria ranunculoides* Roth

**Gal.:** FICARIA, HERBA DAS ALMORRÁS
**Cast.:** CELIDONIA MENOR



**Fam.:** RANUNCULACEAE
**Descr.:** Vivaz, con raíces fusiformes, glabra. Follas simples, acorazonadas na base do limbo, con pecíolo longo que se ensancha na base. Corola con 3 sépalos de cor verde e 7-8 pétalos ou máis de cor amarela. Estames en número superior a 20. Froito en poliaquenio globoso. Aquenios de superficie lisa.
**Distr.:** Natural do O de Europa e da rexión mediterránea. Repartida por case toda a península Ibérica.
**Háb.:** Frecuenta o interior e orla de todo tipo de bosques caducifolios en Galicia, así como bordos de regatos e outros terreos frescos con algunha humidade estacional. Flores na primavera.

## *Scrophularia balbisii* Hornem.

**Fam.:** SCROPHULARIACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz que supera 1 m de altura. Talos cuadrangulares cos vértices lixeiramente alados. Follas simples ou con algúns lóbulos basais próximos ao pecíolo, glabras, con dentes de ápice redondeado na marxe do limbo. Cáliz con 5 sépalos con ampla marxe membranosa. Corola avermellada, bilabiada, cunha escama ou estaminodio no interior. Froito en cápsula, máis longo que o cáliz.
**Distr.:** Provincia atlántica europea.



**Háb.:** Bosques riparios e herbeiras megafórbicas sobre terreos húmidos ou encharcados.
**Simil.:** ***Scrophularia scorodonia* L.** ten pelos en talos e follas, talos non alados, follas coa base cordada e cápsula de ápice agudo moito máis longa que o cáliz. Frecuenta ambientes ruderais, cunetas e claros de bosque.

## *Senecio nemorensis* L. subsp. *bayonnensis* (Boiss.) Nyman

***Senecio bayonnensis* Boiss.**



**Fam.:** ASTERACEAE

**Descr.:** Herbácea vivaz con talos de máis de 1 m de altura. Follas simples, alternas, pecioladas, lanceoladas, de bordo dentado, as basais similares ás superiores. Inflorescencia corimbiforme, densa. Capítulos con dous tipos de flores amarelas, as internas tubulares e as externas, pouco numerosas, con forma de lingua.

**Distr.:** Endemismo do NO da península Ibérica e Golfo de Biscaia.

**Háb.:** Bosques caducifolios con solo húmido, preferentemente bosque de ribeira.

## *Stachys officinalis* (L.) Trevisan

***Betonica officinalis* L.**

**Gal.:** BETÓNICA **Cast.:** BETÓNICA

**Fam.:** LAMIACEAE

**Descr.:** Herbácea vivaz. Talos erectos pouco foliosos. Follas simples, opostas, pecioladas, dentadas, acorazonadas na base, as inferiores de menos de 5 cm de anchura e con pecíolo de maior tamaño que o limbo. Inflorescencia terminal con dúas brácteas opostas na base, con verticilos de flores agrupados. Corola rosada co labio superior en forma de carapucha, con tubo longo moi saínte do cáliz.



**Distr.:** Eurosiberiana con penetración en ambientes propicios da rexión mediterránea. Na península Ibérica abunda no N e só se presenta puntualmente na metade S e no Levante.

**Háb.:** Marxes de ríos, prados húmidos, bordo de regatos.



## *Stachys sylvatica* L.

**Fam.:** LAMIACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz, erecta, con pelos glandulosos. Follas simples, opostas, pecioladas, dentadas, acorazonadas na base, as inferiores de máis de 5 cm de anchura. Inflorescencia en verticilastros distantes, coas brácteas máis curtas que as flores excepto nos verticilos inferiores. Cáliz de sépalos soldados co tubo algo maior que os dentes. Corola rosada, co labio superior en forma de carapucha.
**Distr.:** Eurosiberiana con escasa penetración na rexión mediterránea.
**Háb.:** Herbeiras megafórbicas no bordo de ríos e regatos.

## *Teucrium scorodonia* L.

**Gal.:** SEIXEBRA **Cast.:** ESCORODONIA
**Fam.:** LAMIACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz de ata 70 cm de altura. Follas opostas, simples, pecioladas, de bordo crenado e limbo con nerviación reticuladas. Inflorescencia terminal, alongada. Flores pedunculadas. Cáliz de sépalos soldados rematado en 2 labios, co dente superior de moito maior tamaño que o resto. Corola de cor crema, co labio superior ausente e o inferior con 5 lóbulos.
**Distr.:** Provincia atlántica europea con lixeira penetración na rexión mediterránea no SO de Europa e N de África.
**Háb.:** Claros e lindeiros de bosque, arbustais de substitución, sebes e noiros.



## *Valeriana dioica* L.

**Gal.:** VALERIANA **Cast.:** VALERIANA
**Fam.:** VALERIANACEAE



**Descr.:** Herbácea vivaz, estolonífera. Talos de ata 1 m con pelos nos nós. Follas basais enteiras e con pecíolo longo; follas caulinares con pecíolo curto que diminúe cara a arriba, pinnatisectas, co lóbulo terminal de maior tamaño. Inflorescencia corimbosa. Flores branco-rosadas, as masculinas en pés distintos que as femininas. Corola de pétalos soldados terminada en 5 lóbulos obtusos, abertos. Estames exertos.
**Distr.:** Europa central e occidental. Na península Ibérica limitada a unha estreita franxa no N e NO.
**Háb.:** Herbeiras megafórbicas na marxe de ríos e regatos.

## *Viola riviniana* Rchb.
### *Viola silana* Merino

**Gal.:** VIOLETA **Cast.:** VIOLETA
**Fam.:** VIOLACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz con talos foliosos laterais, ascendentes, que saen da roseta basal. Follas simples con pecíolo curto e con estípulas de bordo fimbriado. Limbo tan longo como ancho, de base acorazonada e bordo crenado. Cáliz de sépalos libres con apéndices basais. Corola violácea, con esporón groso de cor máis clara que o resto ou branco. Pétalos anchos que se solapan entre si.



**Distr.:** Europa, N de África, Canarias e Madeira. Na península Ibérica é frecuente na subprovincia cántabro-atlántica e nas montañas da rexión mediterránea.
**Háb.:** Claros de bosque, orlas forestais herbáceas e lindeiros de bosque.

# Herbeiras e pradarías

O Parque Natural das Fragas do Eume ten unha superficie maior que a ocupada polo bosque. Ademais das matogueiras, que constitúen as etapas de substitución leñosas do bosque climácico, existen herbeiras seminaturais que proceden do manexo secular do contorno. En función das características ecolóxicas do lugar que ocupen, constitúen comunidades vexetais moi variadas. Neste capítulo exponse unha pequena mostra desta flora.

## *Angelica major* Lag.

**Gal.:** ANXÉLICA **Cast.:** ANGELICA
**Fam.:** APIACEAE
**Descr.:** Herbácea bienal con talos fistulosos que poden superar 1 m de altura. Follas basais pecioladas con limbo tripinnatisecto con divisións foliares de última orde de lanceoladas a ovadas e marxe irregularmente dentada. Pecíolo cilíndrico. Inflorescencia en umbela con 15-60 radios. Pétalos de cor branca ou amarela verdosa. Froito con costelas aladas.
**Distr.:** Endemismo do C, O e N da península Ibérica.
**Háb.:** Comunidades megafórbicas de orla de bosque, cunetas, ladeiras, claros de matogueira.
**Simil.:** ***Angelica sylvestris* L.** é unha planta eurosiberiana que se distingue por ser máis robusta, polo pecíolo das follas basais canaliculado, polas divisións foliares de última orde oblongas ou elípticas e polos seus pétalos de cor branca-rosada ou purpúrea.


Inflorescencia de *Angelica sylvestris*


Pecíolo e folíolos de *Angelica sylvestris*


Inflorescencia de *Angelica major*


Pecíolo e folíolos de *Angelica major*

## *Calystegia sepium* (L.) R. Br.

**Cast.:** CORREHUELA MAYOR
**Fam.:** CONVOLVULACEAE



**Descr.:** Planta rubidora rizomatosa. Talo anguloso, voluble. Follas alternas, simples, pecioladas. Limbo saxitado co ápice das aurículas truncado. Flores axilares solitarias, con pedúnculo de 3-15 cm e 2 bractéolas planas que cobren o cáliz. Corola de pétalos soldados con forma de funil, branca, en ocasións con bandas rosadas.
**Distr.:** Subcosmopolita con preferencia polos climas tépedos.
**Háb.:** Xeralmente atópase sobre herbeiras higrófilas nitrificadas de medio ou gran porte, e pódese empoleirar a muros, valos e tapias en ambientes rurais.

## *Cardamine pratensis* L.

**Gal.:** AGRÓN DE PRADO **Cast.:** BERRO DE PRADO
**Fam.:** BRASSICACEAE
**Descr.:** Herbácea perenne con rizoma curto e bulbiños preto da cepa. Talo de ata 80 cm, glabro. Follas pinnatisectas, as da roseta de maior tamaño que as caulinares; segmento terminal de maior tamaño. Flores en acio ebracteado con pedúnculos patentes. Corola con 4 pétalos libres de cor rosada ou malva opostos dous a dous en forma de cruz. Froito en silicua linear de 14-40 x 1-2 mm.



**Distr.:** Circumboreal. Na península Ibérica na metade N.
**Háb.:** Prados higrófilos, bordos de regatos, sotobosque húmido.

## *Eupatorium cannabinum* L.

**Gal.:** EUPATORIO **Cast.:** CANABINA
**Fam.:** ASTERACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz con talos que poden superar 1,5 m de altura. Follas medias do talo palmatisectas, con 3-5 folíolos de bordo dentado; as superiores non divididas e de bordo menos dentado. Inflorescencia en corimbo denso. Capítulos cilíndricos, estreitos, de cor rosa-púrpura. Flores tubulares.



**Distr.:** Europa tépeda, O de Asia e N de África.
**Háb.:** Herbeiras megafórbicas en zonas húmidas e nitrificadas. Algo menos exixente en requirimento de sombra.

## *Foeniculum vulgare* Miller

**Gal.:** FIÚNCHO, FIOLLO **Cast.:** HINOJO
**Fam.:** APIACEAE
**Descr.:** Herbácea que pode superar os 2 m. Planta aromática de olor anisado. Cepa sen restos fibrosos. Talos estriados, sólidos, glabros. As follas inferiores caen cedo, 3-4 pinnatisectas; divisións da última orde lineares; as caulinares alternas, progresivamente máis pequenas e menos divididas. Umbelas finais e laterais, con 5-44 radios desiguais. Umbélulas con 12-40 radios glabros. Pétalos amarelos. Mericarpos ovoides, glabros.
**Distr.:** O e S de Europa, N de África, Macaronesia, Anatolia, Cáucaso, O e C de Asia. Naturalizada en América e Xapón. Presente en toda a península Ibérica.
**Háb.:** Campos de cultivo abandonados, marxes de estradas.



## *Narcissus asturiensis* (Jordan) Pugsley

**Gal.:** NARCISO **Cast.:** NARCISO
**Fam.:** AMARYLLIDACEAE


*Narcissus asturiensis*

**Descr.:** Planta de pequeno tamaño, vivaz, bulbosa. Follas envaiñantes que xorden baixo terra, lineares, planas, de cor verde-azulada. Flor terminal, única, amarela, no extremo dun escapo curto verde-azulado. Corola cilíndrica, co ápice aberto nun bordo sinuosamente lobulado e cunha invaxinación por detrás. Tépalos radiais obtusos, anchos, lixeiramente inclinados cara a diante.
**Distr.:** Endemismo da cordilleira cantábrica que chega polo SO á Serra de Queixa-O Invernadeiro.
**Háb.:** Claros de breixeira, pasteiros sobre solos con distinta profundidade.

**Simil.:** ***Narcissus bulbocodium* L.** ten a flor patente ou erguida, con tépalos finos, agudos, de dorso verdoso. A corola ten o bordo liso e forma de funil. É unha especie frecuente en pradarías de toda Galicia, cuxa presenza apenas supera a metade occidental da península Ibérica, o SO de Francia e NO de África.


*Narcissus bulbocodium*

## ***Senecio aquaticus*** **Hill**

**Fam.:** ASTERACEAE
**Descr.:** Herbácea bienal. Follas basais en roseta, pecioladas, pouco divididas, persistente durante a floración. Follas caulinares con 1-2 pares de segmentos laterais, as superiores sen pecíolo. Inflorescencia corimbiforme. Cabezolas con 2 tipos de flores, as internas con forma de tubo e as externas con forma de lingua, amarelas. Aquenios glabros ou os internos con pelo nas costelas.



**Distr.:** Eurosiberiana con incursións na rexión mediterránea. Na península Ibérica é común na rexión eurosiberiana, depresión do Guadalquivir e puntualmente noutras zonas.
**Háb.:** Prados húmidos e frecuentemente encharcados e outras herbeiras higrófilas.
**Simil.:** ***Senecio jacobaea* L.** (**Gal.:** HERBA DE SANTIAGO; **Cast.:** HIERBA DE SANTIAGO) presenta diferenzas nas súas follas; as basais están murchas na floración, case todas con 4-5 pares de segmentos laterais e aquenios densamente pilosos.

## ***Veronica chamaedrys*** **L.**

**Fam.:** SCROPHULARIACEAE
**Descr.:** Herbácea perenne con rizoma reptante. Talos ascendentes, foliosos, cuadrangulares, máis densamente pilosos en dúas caras enfrontadas. Follas sen pecíolo, de base ensanchada, opostas, dentadas. Inflorescencias laterais que nacen na axila das follas. Cáliz con 4 sépalos subiguais. Corola con 4 pétalos azulados e 2 estames fértiles. Froito en cápsula máis curta que o cáliz.
**Distr.:** Europa e O de Asia. Na península Ibérica preferentemente na rexión eurosiberiana con algunhas outras localidades da metade N.
**Háb.:** Ambientes frescos no interior de bosques ou nas orlas herbáceas. Non é infrecuente en bordos de prados e mesmo cunetas.



## Herbáceas higrófilas

Existen plantas adaptadas a vivir en medios co nivel freático a rentes de solo ou mesmo por enriba del. Agrupamos neste punto unha mostra heteroxénea de plantas que medran ao abeiro do río ou de cunetas anegadas durante un tempo prolongado e que, no seu conxunto, podemos denominar como plantas higrófilas (amantes da auga).



### *Alisma plantago-aquatica* L.

**Cast.:** LLANTÉN DE AGUA
**Fam.:** ALISMATACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz, con tubérculo subterráneo, glabra. Follas non somerxidas enteiras, pecioladas, subcordadas ou truncadas na base. Limbo sucado por 5-7 nervios. Inflorescencia en panícula de verticilastros distanciados. Flores con 3 sépalos, 3 pétalos brancos de maior tamaño e 6 estames máis curtos que os pétalos.
**Distr.:** Subcosmopolita.
**Háb.:** Marxes de ríos, zonas inundadas con certo grao de estiaxe.



### *Bidens frondosa* L.

**Fam.:** ASTERACEAE
**Descr.:** Planta anual con talo ramificado que alcanza 1,5 m de altura. Follas imparipinnadas, con 1-2 pares de folíolos lanceolados e dentados algo máis pequenos que o terminal. Bordo dos folíolos dentado. Inflorescencia en capítulos terminais, solitarios. Brácteas externas do involucro foliáceas, patentes. Aquenios comprimidos lateralmente, con 2 arestas no ápice.
**Distr.:** Procede de América do N. Naturalizada no O de Europa.
**Háb.:** Zonas inundadas con estiaxe, bordos de ríos e pantanos, cunetas, canles, etc.
**Simil.:** ***Bidens tripartita* L.** Eurasiática, habitual en pasteiros anuais higronitrófilos con desecación estival. Follas pinnatipartidas con 1-3 folíolos decorrentes na base, sendo o terminal de moito maior tamaño. Froitos con 3-4 arestas.

## *Carex elata* All subsp. *reuteriana* (Boiss.) Luceño & Aedo

### *C. broteriana* Samp.; *C. nigra* subsp. *broteriana* (Samp.) Rivas-Mart.; *C. stricta* var. *microstachya* Merino



**Fam.:** CYPERACEAE
**Descr.:** Planta rizomatosa con talos trígonos de ata 1 m e grandes grupos de follas planas e ásperas. Inflorescencia cunha bráctea inferior foliácea moito máis longa que a súa espiga. Con 1 espiga masculina terminal, cilíndrica e fusiforme, 1-4 espigas andróxinas e 0-3 femininas, erectas ou colgantes. Glumas pardo-anegrazadas, as masculinas coa quilla verde. Utrículos con pico xeralmente truncado.
**Distr.:** Endemismo do cuadrante NO e de macizos montañosos do C e S da península Ibérica.
**Háb.:** Bordo e leito pedregoso de ríos e regatos.

## *Carex pendula* Huds.



**Fam.:** CYPERACEAE
**Descr.:** Herbácea rizomatosa, cespitosa. Talos fértiles trígonos, de máis de 1 m. Vaíñas basais áfilas. Follas ásperas, pregadas, máis curtas que os talos. Bráctea inferior envaiñante, máis curta que a inflorescencia. Espiga masculina terminal, solitaria, cilíndrica, de 8-16 cm. Varias espigas femininas ou andróxinas longamente pedunculadas, colgantes, cilíndricas, de 10-20 cm. Utrículo con pico curto truncado.
**Distr.:** Europa, O de Asia e N de África. Falta en zonas do C da Península.
**Háb.:** Sotobosque de ameneirais riparios e pantanosos.

## *Iris pseudacorus* L.

**Gal.:** LIRIO AMARELO **Cast.:** LIRIO ESPADAÑAL
**Fam.:** IRIDACEAE



**Descr.:** Planta vivaz rizomatosa. Talos cilíndricos que poden superar 1 m. Follas planas, erguidas, con nervios paralelos, excepto no ápice de anchura parecida en toda a súa lonxitude, caducas. Flores pediceladas, amarelas con dous verticilos de tépalos, 3 patentes e outros 3 erguidos, de menor tamaño. Estilos con aspecto de pétalos. Froito en cápsula verde de 4-8 cm.
**Distr.:** Plurirrexional. Europa, O de Asia, N de África. Na Península falta no SL e nalgunhas áreas montañosas do Pireneo e dos macizos Central e Ibérico.
**Háb.:** Herbeiras higrófilas con elevado nivel freático durante todo o ano, marxe de ríos e regatos, ameneirais pantanosos, etc.

## *Lycopus europaeus* L.

**Gal.:** AMENTA DE LOBO **Cast.:** MENTA DE LOBO
**Fam.:** LAMIACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz, rizomatosa. Follas inferiores pinnatífidas, as superiores irregularmente dentadas, opostas, con pecíolo curto. Inflorescencia en verticilos distantes, con brácteas semellantes ás follas pero de menor tamaño. Cáliz con 5 dentes agudos. Corola en forma de funil con 4 lóbulos, branca con manchas púrpuras. Con 2 estames fértiles e dous estaminodios.



**Distr.:** Europa, Asia, N de África. Na península falta en amplas zonas de Andalucía, Estremadura e no SL árido.
**Háb.:** Herbeiras higrófilas en depresións encharcadas, e bordo de ríos con remansos.

## *Lythrum salicaria* L.



**Gal.:** SALGUEIRIÑO
**Cast.:** SALICARIA
**Fam.:** LYTHRACEAE
**Descr.:** Hemicriptofito de ata máis de 1 m, erecto, moi ramificado. Pubescente. Follas de 2-9 cm, opostas ou verticiladas, as superiores en ocasións alternas. Inflorescencia espiciforme terminal. Flores hexámeras, axilares, en fascículos agrupados ou solitarias. Pétalos purpúreos. Androceo con 12 estames, dos cales polo menos a metade son exertos.
**Distr.:** Cosmopolita. En toda a península Ibérica.
**Háb.:** Marxe de ríos e herbeiras sobre solos encharcados.

## *Oenanthe crocata* L.

***Oenanthe gallaecica* Pau & Merino**

**Gal.:** PÉ DE BOI **Cast.:** NABO DEL DIABLO
**Fam.:** APIACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz con raíces tuberosas e talos de parede grosa e ocos (fistulosos) no centro que poden alcanzar 1,5 m de altura. Follas basais 3-4 pinnatisectas con divisións terminais crenadas ou pinnatífidas, as superiores menos divididas. Inflorescencia en umbela composta, a principal con ata 30 radios, con brácteas caducas e bractéolas. Pétalos brancos, os externos das flores marxinais de maior tamaño.
**Distr.:** Rexión mediterránea e O da eurosiberiana. Na península Ibérica falta no L.
**Háb.:** Lugares encharcados en ríos de pouco caudal ou nas marxes doutros de maior entidade, quenllas, cunetas, etc.



## *Persicaria hydropiper* (L.) Spach
### *Polygonum hydropiper* L.

**Gal.:** PEMENTELA **Cast.:** PIMIENTA DE AGUA
**Fam.:** POLYGONACEAE
**Descr.:** Herbácea anual. Talos frecuentemente avermellados. Follas simples, pecioladas, con sabor picante. Estípulas soldadas formando unha vaíña (ócrea). Inflorescencia en acio laxo que permite individualizar cada unha das flores ou ben axilares e sobre pedúnculo curto. Periantio branco ou verdoso con glándulas pardo-avermelladas.



**Distr.:** Europa, América do N, N de África e SO de Asia.
**Háb.:** Solos nitrificados e inundados parte do ano, pero que sofren estiaxe durante o verán, época de floración da especie.

## *Ranunculus penicillatus* (Dumort.) Bab.

**Fam.:** RANUNCULACEAE
**Descr.:** Hidrofito vivaz. Talos alongados con dous tipos de follas: a-divididas en segmentos filiformes ramificados polo menos 4 veces, de tamaño maior ou igual que o dos entrenós; b-con lámina 3-5 lobulada e forma reniforme-suborbicular; estas últimas non sempre aparecen. Flores pedunculadas que sobresaen da auga. Sépalos verdes prontamente caducos. Corola de 5 pétalos brancos. Flores no verán.



**Distr.:** C, N e O de Europa, alcanzando a rexión mediterránea occidental.
**Háb.:** Augas con certo caudal e curso rápido, aínda que parcialmente ralentizadas durante o estío.

## *Veronica beccabunga* L.

**Fam.:** SCROPHULARIACEAE
**Descr.:** Herbácea perenne cos talos prostrados e enraizantes nos primeiros nós, ascendentes na porción final, glabros, foliosos. Follas simples, opostas, con pecíolo curto e forma ovada ou anchamente elíptica, lixeiramente suculentas igual que os talos. Inflorescencia en acios laterais que nacen na axila das follas. Flores tetrámeras con 4 sépalos e 4 pétalos. Corola azul pálido con 2 estames fértiles.
**Distr.:** Europa, O de Asia e N de África. Na Península é frecuente na metade N e mantén poboacións illadas na metade meridional.
**Háb.:** Ambientes encharcados baixo fontes, bordos de regatos e outras zonas sen déficit hídrico.



## *Viola palustris* L.
### *Viola palustris* subsp. *juresii* (Link *ex* Wein) W. Becker *ex* Cout.

**Fam.:** VIOLACEAE
**Descr.:** Herbácea vivaz con rizoma e estolóns subterráneos, sen talos foliosos. Follas pecioladas de limbo reniforme coa base cordada e o bordo crenado. Estípulas membranosas con ápice dentado ou fimbriado. Sépalos obtusos con apéndices basais de 0,5-1 mm. Flores con pedúnculo moito maior que a corola, esta de cor azul pálida cun esporón de 1-2 mm de longo.
**Distr.:** Europa, N de América e Marrocos. Na península Ibérica medra nos grandes macizos montañosos, descendendo en Galicia ata o nivel do mar.
**Háb.:** Marxe de ríos e regatos en ambientes salpicados e inundados durante a época de maior caudal.



## Herbáceas nitrófilas

Os ambientes máis intensamente antropizados atópanse nos camiños, hortas e nos propios núcleos rurais da periferia do parque. O solo aparece enriquecido en nitróxeno e a súa estrutura é removida e alterada con frecuencia. As plantas que aquí medran están adaptadas ao intenso manexo e á continua transformación do hábitat. Son plantas anuais capaces de florecer e formar sementes ao longo de case todo o ano.



### ***Anagallis arvensis*** **L.**

**Gal.:** HERBA DO GARROTILLO
**Cast.:** MURAJES
**Fam.:** PRIMULACEAE
**Descr.:** Herbácea anual con talos rastreiros, ascendentes, ramificados, cuadrangulares, apenas enraizantes na base. Follas sen pecíolo, opostas. Flores pentámeras, con pedúnculo máis longo que a folla axilante. Corola con pétalos de cor laranxa ou azul, soldados e terminados en lóbulos con pelos glandulares na marxe. Pedúnculo frutífero recurvado.
**Distr.:** Eurasiática. Introducida noutras zonas do planeta. Amplamente repartida na península Ibérica.
**Háb.:** Hortas e lugares antropizados: ruderal e arvense.



### ***Cardamine hirsuta*** **L.**

**Fam.:** BRASSICACEAE
**Descr.:** Herbácea anual, con numerosos talos erectos de ata 30 cm. Follas de dous tipos: as da roseta basal pecioladas, pinnatisectas, liradas, co segmento terminal reniforme; as caulinares, de 2 a 6, de menor tamaño. Flores pedunculadas, en acio corimboso que se alonga na frutificación e claramente superadas polos froitos. Corola con 4 pétalos brancos opostos dous a dous en forma de cruz. 4 estames. Froito en silicua linear de 18-25 mm de longo.
**Distr.:** Subcosmopolita. Con ampla difusión na península Ibérica.
**Háb.:** Coloniza ambientes ruderais e nitrófilos, bordos de camiños, noiros, etc.
**Simil.:** ***Cardamine flexuosa* With.** Na Península atópase maioritariamente na metade N e sobre todo no NO. Ten maior número de follas caulinares (6-10), flores con 6 estames e a inflorescencia non é superada polos froitos inferiores.

## *Centaurium erythraea* Rafn.

### *Erythraea centaurium* (L.) Pers.

**Gal.:** CASIDA **Cast.:** CENTAUREA MENOR

**Fam.:** GENTIANACEAE



**Descr.:** Herbácea vivaz, con roseta de follas basais, as caulinares opostas, sésiles e de tamaño decrecente cara ao ápice. Inflorescencia en cima corimbiforme. Flores subsésiles. Cáliz que cobre ata 3/4 partes da lonxitude da corola. Corola rosada, con tubo longo e 5 lóbulos de 5-8 mm.

**Distr.:** Europa, O de Asia e NO de África.

**Háb.:** Cunetas, marxe de camiños, preferentemente en exposicións soleadas.

## *Ceratocapnos claviculata* (L.) Lidén

### *Corydalis claviculata* (L.) DC.

**Cast.:** TIJERILLA

**Fam.:** FUMARIACEAE

**Descr.:** Herbácea anual, rubidora que se engancha a outras herbas ou arbustos mediante filamentos denominados pámpanos que saen do ápice das follas. Follas pecioladas, divididas. Flores en acios axilares. Cáliz con 2 sépalos libres de pequeno tamaño. Corola irregular, estreita, de cor crema, cunha especie de xiba na base. 2 estames.



**Distr.:** Europa atlántica e na Península, no seu cuadrante NO. Dispersa por toda Galicia, tanto na costa como no interior.

**Háb.:** Sebes con arbustos autóctonos, orla de bosques e con menos frecuencia en breixeiras.

## *Coleostephus myconis* (L.) Reichenb. fil.

***Chrysanthemum myconis* L.**



**Gal.:** PAMPILLO
**Fam.:** ASTERACEAE
**Descr.:** Herbácea anual. Follas basais pecioladas, de contorno espatulado, serradas na marxe. Follas caulinares amplexicaules. Inflorescencia en capítulos pedunculados rodeada de varias ringleiras de brácteas imbricadas. Flores amarelas, as exteriores radiais, en forma de lingua; as interiores con forma de tubo. Froito en aquenio sen lanuxe, cunha coroa no ápice.
**Distr.:** S de Europa.
**Háb.:** Moi frecuente como mala herba en cultivos e barbeitos (arvense), cunetas e outros terreos removidos e nitrificados.

## *Oxalis latifolia* Kunth

**Fam.:** OXALIDACEAE
**Descr.:** Herbácea bulbosa cuxos talos floridos poden alcanzar os 40 cm. Follas trifolioladas con pecíolo moito máis longo que o limbo, este triangular, pouco escotado. Inflorescencia en umbela. Corola de 5 pétalos de cor rosada.





**Distr.:** Planta alóctona de orixe sudamericana. Asilvestrada pola Galicia baixa e termófila.
**Háb.:** Ambientes ruderais e arvenses do parque fóra das fragas.
**Simil.:** ***Oxalis pes-caprae* L.** ten flores amarelas en forma de funil con pétalos de 20-25 mm. De orixe sudafricana, esténdese polo litoral do NO da Península invadindo a traseira de areais, cultivos e herbeiras.

## *Persicaria maculosa* S. F. Gray
### *Polygonum persicaria* L.

**Gal.:** HERBA DO GALO **Cast.:** PERSICARIA
**Fam.:** POLYGONACEAE



**Descr.:** Herbácea anual. Follas simples, alternas, en ocasións cunha mancha negra central. Estípulas soldadas formando unha vaíña (ócrea) adherida ao talo, con pelos espallados, marrón, opaca e terminada en longas fimbrias. Inflorescencia en espiga densa, rosa intenso ou pálido. Pedúnculos e periantio non glanduloso. Tépalos libres de tamaño semellante ao froito. Aquenio trígono ou lenticular.
**Distr.:** Especie de amplo repartimento no planeta (cosmopolita).
**Háb.:** Cultivos, hortas, entulleiras, terreos antropizados, bordos de pantanos.

**Simil.:** ***Persicaria lapathifolia* (L.) S. F. Gray (*Polygonum lapathifolium* L.).** Diferénciase na ócrea glabra ou case, inchada e terminada nun bordo enteiro ou con cilios moi curtos; na inflorescencia, que adoita ser de maior tamaño e en ocasións co ápice colgante, e nos pedicelos e o periantio glandulosos. Ademais, a súa ecoloxía é máis restritiva, pois ocupa ambientes anegados durante as enchentes ou longamente encharcados. Ben é certo que a ubicua *Persicaria maculosa* tamén pode alcanzar e compartir este hábitat.



## *Solanum nigrum* L.



**Gal.:** HERBA MOURA
**Cast.:** TOMATILLOS DEL DIABLO
**Fam.:** SOLANACEAE
**Descr.:** Herbácea anual, ramificada desde cerca da base. Follas pecioladas, enteiras ou pouco profundamente lobuladas. Inflorescencia en cimas extraaxilares umbeliformes, pouco ramificadas. Pedúnculo da inflorescencia erecto-patente que se volve reflexo na frutificación. Corola branca de pétalos soldados que forman un tubo inferiormente e terminada en lóbulos abertos con aspecto estrelado. Estames coas anteras concrescentes fóra do tubo da corola. Froito en baga negra na madurez.
**Distr.:** Subcosmopolita en climas tépedos e cálidos.
**Háb.:** Arvense e ruderal, sendo frecuente en entulleiras, camiños, barbeitos, etc.

## *Sonchus oleraceus* L.

**Gal.:** CARDO MOLAR **Cast.:** CERRAJA COMÚN





**Fam.:** ASTERACEAE
**Descr.:** Herbácea anual. Follas caulinares sen pecíolo, con orelliñas basais agudas, limbo con divisións profundas e bordo dentado. Inflorescencias terminais. Flores amarelas, todas en forma de lingua. Froitos sen prolongación no ápice, con peluxe. Florece gran parte do ano.
Distr.: Europa, O de Asia e África do N.
**Háb.:** Prados, cunetas, ambientes ruderais.
**Simil.:** ***Sonchus asper* (L.) Hill.** Ten as follas menos divididas, lixeiramente espinescentes e as orelliñas da base con forma redondeada.

# Rupícolas-noiros-muros

Neste apartado incluímos un grupo diverso de especies que viven en ambientes máis ou menos verticais e xeralmente sobre grosores efémeros de solo. Os vexetais que viven nestes medios están moi especializados nunha ecoloxía moi concreta. Algúns precisan rochas zumegantes de auga; outros teñen adaptacións fisiolóxicas que lles permiten vivir no árido microclima das rochas, fisuras e pequenas plataformas sobre a rocha. Outros factores como a verticalidade do medio e a luminosidade ou penumbra van contribuír á diversificación vexetal destes ambientes. A continuación expóñense algunhas das especies máis frecuentes e atraentes:

## *Anarrhinum duriminum* (Brot.) Pers.



**Fam.:** SCROPHULARIACEAE
**Descr.:** Planta hirsuto-glandulosa. Follas basais de ata 17 x 4,5 cm oval-espatuladas, simples, dentadas, romas; as caulinares máis pequenas, enteiras ou trilobuladas, alternas. Inflorescencia en acio terminal denso, coas brácteas de maior tamaño que os pedicelos. Sépalos de 2,5 mm, co ápice asubelado. Corola branca ou de cor crema, con esporón.
**Distr.:** Endemismo do NO da península Ibérica.
**Háb.:** Noiros de rocha con repisas, fendas con solo, muros.

## *Chrysosplenium oppositifolium* L.



**Fam.:** SAXIFRAGACEAE
**Descr.:** Herbácea perenne con talos delgados, enraizados nos nós, tombados en disposición densa e apertada. Follas opostas adelgazadas en pecíolo. Flores hermafroditas sen corola (sen pétalos). Cáliz formado por 4 sépalos verde-amarelentos, soldados por abaixo. Aparato masculino formado por 8 estames. Froito en cápsula.
**Distr.:** Europa atlántica e C de Europa. N e O da península Ibérica ata a Serra da Estrela (Portugal).
**Háb.:** Bordos sombreados de pequenos cursos de auga como fontes, noiros zumegantes, regatos, etc.

## *Cymbalaria muralis* P. Gaertner, B. Meyer *et* Scherb.
### *Linaria cymbalaria* (L.) Miller

**Gal.:** PAXARIÑOS **Cast.:** PALOMILLA DE MURO
**Fam.:** SCROPHULARIACEAE



**Descr.:** Herbácea anual. Talos decumbentes de ata 60 cm. Follas reniformes con 3-7 lóbulos mucronados, con pecíolo maior que o limbo. Flores solitarias na axila das follas. Pedúnculos que se revolven na frutificación. Cáliz con 5 lóbulos case ata a base. Corola bilabiada con esporón basal. Cápsula que se abre por varias valvas.
**Distr.:** Oriúnda de Sicilia, Iugoslavia e Suíza. Naturalizada en gran parte de Europa e N de África.
**Háb.:** Muros frescos con pouca insolación. Paredes e muros de pedra artificiais.

## *Narcissus triandrus* L. subsp. *triandrus*

**Gal.:** NARCISO **Cast.:** NARCISO
**Fam.:** AMARYLLIDACEAE
**Descr.:** Planta bulbosa de floración primaveral. Follas de 10-30 x 0,5-1 cm que nacen baixo terra, lineares. Escapo de ata 30 cm, sen follas. Inflorescencia terminal, con 1-4 flores de cor branco-crema. Flores pedunculadas, colgantes, cun funil ou corola que mira ao solo, en cuxo interior se atopan pistilo e estames, rodeada de 6 tépalos erguidos cara a arriba.



**Distr.:** SO de Europa, desde o C de Portugal ao SO de Francia.
**Háb.:** Orlas e claros de bosques, noiros, bordos de camiños.

## *Oxalis corniculata* L.

**Fam.:** OXALIDACEAE
**Descr.:** Herbácea reptante que enraíza nos nós. Follas compostas de 3 folíolos inversamente acorazonados, alternas, pecioladas. Estípulas con orelliñas. Flores pedunculadas. Corola amarela con pétalos de 4-7 mm. Froito cilíndrico, erguido, con pedúnculo inclinado.



**Distr.:** Cosmopolita, probablemente orixinaria do Vello Mundo.
**Háb.:** Muros, camiños, ambientes ruderais.

## *Parietaria judaica* L.

**Gal.:** HERBA DOS MUROS, HERBA FURA PAREDES
**Cast.:** PARIETARIA
**Fam.:** URTICACEAE
**Descr.:** Herbácea perenne, ramosa, coa base leñosa procumbente ou ascendente. Follas alternas, simples, pecioladas, sen estípulas, pubescentes. Inflorescencias en fascículos axilares, polígamas (con flores hermafroditas, masculinas e femininas). Flores hermafroditas con periantio tubular piloso. Flores femininas densamente pubescentes, con lóbulos agudos coniventes.



**Distr.:** Rexión mediterránea, alcanzando a Eurosiberiana no O de Europa e o O de Asia.
**Háb.:** Paredes e muros de pedra artificiais. Cunetas e proximidades de casas e cortes.

## *Reseda media* Lag.

**Fam.:** RESEDACEAE

**Descr.:** Herbácea anual ou bienal con numerosos talos prostrados finalmente ascendentes. Follas da roseta enteiras ou subenteiras; follas caulinares frecuentemente trisectas. Inflorescencia en acios. Flores hexámeras con pétalos brancos, estes trisectos cos lóbulos laterais divididos. Froito formado por carpelos soldados, colgante, de 1-2 cm de longo, con 3 dentes apicais.



**Distr.:** SO de Europa, NO de África, Madeira e Os Azores. Na Península desde a metade occidental da cornixa cantábrica ata Andalucía, seguindo polo O.

**Háb.:** Noiros, muros, cunetas e lugares antropizados.

## *Saxifraga lepismigena* Planellas

### *Saxifraga clusii* subsp. *lepismigena* (Planellas) D.A. Webb

**Fam.:** SAXIFRAGACEAE

**Descr.:** Herbácea perenne con indumento de pelos glandulíferos e non glandulíferos, varias rosetas de follas e talos floríferos terminais. Follas sen marxe hialina e con pecíolo pouco diferenciado do limbo que ten dentes de distinto tamaño. Inflorescencia con propágulos foliosos. Brácteas semellantes ás follas pero de menor tamaño. Flores con 5 pétalos brancos, deles 3 máis grandes que os outros dous. Con 10 estames. Froito en cápsula.



**Distr.:** Endemismo do N e NO da Península Ibérica, desde Portugalmedio a Cantabria.

**Háb.:** Noiros e rochedos zumegantes de auga.

## *Saxifraga spathularis* Brot.

**Fam.:** SAXIFRAGACEAE

**Descr.:** Herbácea perenne con indumento de pelos glandulíferos e non glandulíferos e varias rosetas de follas. Roseta de follas basais con pecíolo de maior tamaño que o limbo, con forma de espátula dentada no bordo do limbo, lixeiramente carnosas, glabras, cunha estreita marxe hialina. Inflorescencia sen propágulos foliosos. Flores con 5 pétalos e 10 estames. Froito en cápsula.



**Distr.:** Cuadrante NO da península Ibérica e Irlanda. Común en Galicia desde as serras litorais ata a alta montaña oriental.

**Háb.:** Rochedos e cavidades á sombra e con certa humidade ambiental.

## *Sedum anglicum* Hudson

**Gal.:** HERBA DA PEDRA **Cast.:** VERMICULARIA INGLESA

**Fam.:** CRASSULACEAE

**Descr.:** Vivaz, postrado-ascendente, con gromos estériles durante a floración, glabra. Follas carnosas, pequenas (< 0,5 cm), esporonadas. Flores pentámeras en cimas. Sépalos libres con xiba basal. Pétalos de maior tamaño que os sépalos, brancos ou rosados. Froitos en folículos soldados inferiormente e abertos en forma de estrela.

**Distr.:** C e O de Europa. Na Península Ibérica desde os Pireneos ao NO.



**Háb.:** Repisas e fendas de rocha, pastos vivaces sobre solos esqueléticos.

**Simil.:** ***Sedum arenarium* Brot.** é endémica da metade occidental da península Ibérica e a súa diferenza máis apreciable é que se trata dunha planta anual que no momento da floración non presenta gromos estériles.

## *Sibthorpia europaea* L.

**Fam.:** SCROPHULARIACEAE



**Descr.:** Herbácea de talos rastreiros moi finos, radicantes. Follas alternas, pecioladas, pilosas, orbiculares, co bordo crenado. Flores moi pouco aparentes, solitarias na axila das follas, pedunculadas. Cáliz con 5 sépalos soldados só na base. Corola de pétalos soldados só na base e terminada en 5 lóbulos máis longos que o tubo, rosácea. 4 estames. Froito en cápsula máis curta que o cáliz.
**Distr.:** Rexión Eurosiberiana con maior presenza na franxa atlántica.
**Háb.:** Ambientes sombríos saturados de humidade, con frecuencia noiros zumegantes.

## *Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy

***Umbilicus pendulinus* DC.**

**Gal.:** COUSELO **Cast.:** OMBLIGO DE VENUS
**Fam.:** CRASSULACEAE
**Descr.:** Herbácea perenne, glabra. Follas da roseta basal longamente pecioladas, peltadas, lixeiramente carnosas; as caulinares decrecen progresivamente en tamaño. Talo ocupado en gran parte da súa lonxitude pola inflorescencia en forma de acio. Flores pedunculadas, colgantes. Corola tubular de cor amarela pálida a branca verdosa.



**Distr.:** Cunca do Mediterráneo e O de Europa. En case toda a península Ibérica.
**Háb.:** Afloramentos de rocha, noiros rochosos con repisas.

# Índice de nomes científicos

**_Acacia dealbata_ Link** .......... 29
**_Acacia melanoxylon_ R. Br.** .......... 29
**_Acer pseudoplatanus_ L.** .......... 31
*Adenocarpus complicatus* subsp. *lainzii* Castrov. .......... 47
*Adenocarpus intermedius sensu* Merino .......... 47
**_Adenocarpus lainzii_ (Castrov.) Castrov.** .......... 47
**_Adenostyles alliariae_ subsp. _hybrida_ Tutin** .......... 66
*Adenostyles alliariae* subsp. *pyrenaica* (Lange) P. Fourn. .......... 66
**_Ajuga reptans_ L.** .......... 67
**_Alisma plantago-aquatica_ L.** .......... 88
**_Alliaria petiolata_ (M. Bieb.) Cavara & Grande** .......... 67
**_Allium triquetrum_ L.** .......... 69
**_Allium ursinum_ L.** .......... 69
**_Allium victorialis_ L.** .......... 68
**_Alnus glutinosa_ (L.) Gaertn.** .......... 32
**_Anagallis arvensis_ L.** .......... 94
**_Anagallis tenella_ (L.) L.** .......... 60
**_Anarrhinum duriminum_ (Brot.) Pers.** .......... 99
*Anemone francoana* Merino .......... 68
**_Anemone nemorosa_ L.** .......... 68
**_Angelica major_ Lag.** .......... 83
**_Angelica sylvestris_ L.** .......... 83
**_Anogramma leptophylla_ (L.) Link** .......... 17
**_Anthoxanthum amarum_ Brot.** .......... 70
**_Aquilegia vulgaris_ L. subsp. _vulgaris_** .......... 70
**_Arbutus unedo_ L.** .......... 32
**_Arum italicum_ Mill.** .......... 71
**_Asplenium adiantum nigrum_ L.** .......... 18
*Asplenium adiantum-nigrum* subsp. *onopteris* (L.) Heufler .......... 18
**_Asplenium billotii_ F. W. Schultz** .......... 18
**_Asplenium onopteris_ L.** .......... 18
**_Asplenium scolopendrium_ L.** .......... 19
**_Asplenium trichomanes_ L.** .......... 19
**_Asplenium trichomanes_ subsp. _quadrivalens_ D.E. Meyer** .......... 19
**_Athyrium filix-femina_ (L.) Roth** .......... 20
*Betonica officinalis* L. .......... 80
**_Betula celtiberica_ Rothm. & Vasc.** .......... 33
**_Bidens frondosa_ L.** .......... 88
**_Bidens tripartita_ L.** .......... 88
**_Blechnum spicant_ (L.) Roth** .......... 20
*Bryanthus polifolius* (Juss.) Merino .......... 53
**_Calluna vulgaris_ (L.) Hull** .......... 53
**_Calystegia sepium_ (L.) R. Br.** .......... 84
**_Cardamine flexuosa_ With.** .......... 94
**_Cardamine hirsuta_ L.** .......... 94
**_Cardamine pratensis_ L.** .......... 84
*Carex broteriana* Samp. .......... 89
**_Carex elata_ All subsp. _reuteriana_ (Boiss.) Luceño & Aedo** .......... 89
*Carex nigra subsp. broteriana* (Samp.) Rivas-Mart. .......... 89
**_Carex pendula_ Huds.** .......... 89
*Carex stricta var. microstachya* Merino .......... 89
*Caryolopha sempervirens* (L.) Fisch. & Trautv. .......... 77
**_Castanea sativa_ Miller** .......... 33
**_Centaurium erythraea_ Rafn.** .......... 95
**_Centaurium scilloides_ (L. fil.) Samp.** .......... 61

*Cerasus avium* (L.) Moench ........ 37
***Ceratocapnos claviculata* (L.) Lidén** ........ 95
*Chrysanthemum myconis* L. ........ 96
***Chrysosplenium oppositifolium* L.** ........ 99
***Circaea lutetiana* L.** ........ 71
*Cistus hirsutus* Lam. ........ 58
***Cistus psilosepalus* Sweet** ........ 58
***Coleostephus myconis* (L.) Reichenb. fil.** ........ 96
*Corydalis claviculata* (L.) DC. ........ 95
***Corylus avellana* L.** ........ 34
***Crataegus monogyna* Jacq.** ........ 34
***Crocus serotinus* Salisb. subsp. *clusii* (Gay) Mathew** ........ 61
***Culcita macrocarpa* C. Presl** ........ 21
***Cuscuta epithymum* (L.) L.** ........ 62
***Cymbalaria muralis* P. Gaertner, B. Meyer et Scherb.** ........ 100
*Cystopteris regia sensu* Merino ........ 21
***Cystopteris viridula* (Desv.) Desv.** ........ 21
*Cytisus commutatus sensu* Talavera *pro parte* ........ 48
***Cytisus ingramii* Blakelock** ........ 48
***Cytisus scoparius* (L.) Link** ........ 48
***Cytisus striatus* (Hill) Rothm.** ........ 49
***Daboecia cantabrica* (Huds.) K. Koch** ........ 53
***Davallia canariensis* (L.) Sm.** ........ 22
***Deschampsia flexuosa* (L.) Trin.** ........ 62
***Drosera intermedia* Hayne** ........ 63
***Drosera rotundifolia* L.** ........ 63
***Drosera x beleziana* E.G. Camus** ........ 63
***Dryopteris aemula* (Aiton) O. Kuntze** ........ 22
***Dryopteris affinis* (Lowe) Fraser-Jenkins** ........ 23
***Dryopteris affinis* subsp. *borreri* (Newman) Fraser-Jenkins** ........ 23
***Dryopteris dilatata* (Hoffmanns.) A. Gray** ........ 24
***Dryopteris filix-mas* (L.) Schott** ........ 23
*Dryopteris filix-mas* var. *borreri* Newman ........ 23
***Dryopteris guanchica* Gibby & Jermy** ........ 24
*Erica aragonensis* Willk. ........ 54
***Erica arborea* L.** ........ 54
***Erica australis* L. subsp. *aragonensis* (Willk.) Cout.** ........ 54
***Erica ciliaris* Loefl. *ex* L.** ........ 55
***Erica cinerea* L.** ........ 55
***Erica mackaiana* Bab.** ........ 56
*Erica occidentalis* Merino ........ 54
***Erica tetralix* L.** ........ 56
***Erica umbellata* Loefl. ex L.** ........ 57
*Erythraea centaurium* (L.) Pers. ........ 95
***Eucalyptus globulus* Labill.** ........ 30
***Eupatorium cannabinum* L.** ........ 85
***Euphorbia amygdaloides* L.** ........ 72
***Euphorbia hyberna* L.** ........ 72
*Ficaria ranunculoides* Roth ........ 79
***Foeniculum vulgare* Miller** ........ 85
***Fragaria vesca* L.** ........ 72
***Frangula alnus* Miller** ........ 35
***Fraxinus angustifolia* Vahl** ........ 35
***Fraxinus excelsior* L.** ........ 35
***Genista berberidea* Lange** ........ 50
***Genista florida* L. subsp. *polygaliphylla* (Brot.) Cout.** ........ 49
*Genista polygaliphylla* Brot. ........ 49
***Geranium purpureum* Vill.** ........ 73
***Geranium robertianum* L.** ........ 73

*Gymnograma leptophylla* (L.) Desv. .......... 17
***Halimium lasianthum*** **(Lam.) Spach subsp.** ***alyssoides*** **(Lam.) Greuter** 58
***Hedera hybernica*** **Bean** ***ex*** **DC.** .......... 43
***Hymenophyllum tunbrigense*** **(L.) Sm.** .......... 25
***Hypericum androsaemum*** **L.** .......... 73
***Ilex aquifolium*** **L.** .......... 36
***Iris pseudacorus*** **L.** .......... 90
***Laurus nobilis*** **L.** .......... 36
*Linaria cymbalaria* (L.) Miller .......... 100
***Linaria triornithophora*** **L.** .......... 74
***Lithodora prostrata*** **(Loisel.) Griseb.** .......... 59
*Lithospermum prostratum* Loisel. .......... 59
***Lonicera periclymenum*** **L.** .......... 44
*Luzula sylvatica* (Huds.) Gaudin subsp. *cantabrica* P. Monts. .......... 74
***Luzula sylvatica*** **(Hudson) Gaudin subsp.** ***henriquesii*** **(Degen) P. Silva** 74
***Lycopus europaeus*** **L.** .......... 90
***Lysimachia nemorum*** **L.** .......... 75
***Lythrum salicaria*** **L.** .......... 91
***Melampyrum pratense*** **L.** .......... 75
***Narcissus asturiensis*** **(Jordan) Pugsley** .......... 86
***Narcissus bulbocodium*** **L.** .......... 86
***Narcissus triandrus*** **L. subsp.** ***triandrus*** .......... 100
***Oenanthe crocata*** **L.** .......... 91
*Oenanthe gallaecica* Pau & Merino .......... 91
***Omphalodes nitida*** **Hoffmanss. & Link** .......... 76
***Osmunda regalis*** **L.** .......... 25
***Oxalis acetosella*** **L.** .......... 76
***Oxalis corniculata*** **L.** .......... 101
***Oxalis latifolia*** **Kunth** .......... 96
***Oxalis pes-caprae*** **L.** .......... 96
***Parietaria judaica*** **L.** .......... 101
***Pedicularis sylvatica*** **L.** .......... 63
***Pentaglottis sempervirens*** **(L.) L. H. Bailey** .......... 77
***Persicaria hydropiper*** **(L.) Spach** .......... 92
***Persicaria lapathifolia*** **(L.) S. F. Gray** .......... 97
***Persicaria maculosa*** **S. F. Gray** .......... 97
*Phyllitis scolopendrium* (L.) Newman .......... 19
***Polygonatum multiflorum*** **(L.) All.** .......... 77
***Polygonatum odoratum*** **(Miller) Druce** .......... 77
*Polygonum hydropiper* L. .......... 92
*Polygonum lapathifolium* L. .......... 97
*Polygonum persicaria* L. .......... 97
***Polypodium cambricum*** **L.** .......... 26
***Polypodium interjectum*** **Shivas** .......... 26
***Polypodium vulgare*** **L.** .......... 26
***Polystichum setiferum*** **(Forsskal) Woymar** .......... 27
***Potentilla erecta*** **(L.) Raeuschel** .......... 64
*Potentilla fallax sensu* Merino .......... 64
***Potentilla montana*** **Brot.** .......... 64
***Primula acaulis*** **(L.) L.** .......... 78
*Primula vulgaris* Hudson .......... 78
***Prunus avium*** **L.** .......... 37
***Prunus spinosa*** **L.** .......... 37
***Pteridium aquilinum*** **(L.) Kuhn** .......... 27
***Pulmonaria longifolia*** **(Bast.) Boreau** .......... 78
***Pyrus cordata*** **Desv.** .......... 38
***Quercus pyrenaica*** **Willd.** .......... 38
***Quercus robur*** **L.** .......... 39
***Ranunculus ficaria*** **L.** .......... 79

***Ranunculus penicillatus* (Dumort.) Bab.** ........ 92
***Reseda media* Lag.** ........ 102
*Rhamnus frangula* L. ........ 35
***Robinia pseudoacacia* L.** ........ 30
***Romulea bulbocodium* (L.) Sebastiani & Mauri** ........ 65
***Rosa canina* L.** ........ 39
***Rubia peregrina* L.** ........ 44
***Ruscus aculeatus* L.** ........ 40
***Salix atrocinerea* Brot.** ........ 40
***Sambucus nigra* L.** ........ 41
*Saxifraga clusii* subsp. *lepismigena* (Planellas) D.A. Webb ........ 102
***Saxifraga lepismigena* Planellas** ........ 102
***Saxifraga spathularis* Brot.** ........ 103
***Scrophularia balbisii* Hornem.** ........ 79
***Scrophularia scorodonia* L.** ........ 79
***Sedum anglicum* Hudson** ........ 103
***Sedum arenarium* Brot.** ........ 103
***Senecio aquaticus* Hill** ........ 87
*Senecio bayonnensis* Boiss. ........ 80
***Senecio jacobaea* L.** ........ 87
***Senecio nemorensis* L. subsp. *bayonnensis* (Boiss.) Nyman** ........ 80
***Sibthorpia europaea* L.** ........ 104
***Solanum dulcamara* L.** ........ 45
***Solanum nigrum* L.** ........ 98
***Sonchus asper* (L.) Hill.** ........ 98
***Sonchus oleraceus* L.** ........ 98
***Stachys officinalis* (L.) Trevisan** ........ 80
***Stachys sylvatica* L.** ........ 81
***Tamus communis* L.** ........ 45
***Taxus baccata* L.** ........ 41
***Teucrium scorodonia* L.** ........ 81
***Thymelaea coridifolia* (Lam.) Endl.** ........ 59
*Trichomanes speciosum* Willd. ........ 28
***Ulex europaeus* L.** ........ 51
***Ulex gallii* Planch.** ........ 51
***Ulex gallii* subsp. *breoganii* (Castrov. & Valdés Bermejo) Rivas-Mart. & al.** 52
***Ulmus glabra* Hudson** ........ 42
*Umbilicus pendulinus* DC. ........ 104
***Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy** ........ 104
***Vaccinium myrtillus* L.** ........ 42
***Valeriana dioica* L.** ........ 82
***Vandenboschia speciosa* (Willd.) Kunkel** ........ 28
***Veronica beccabunga* L.** ........ 93
***Veronica chamaedrys* L.** ........ 87
***Viola palustris* L.** ........ 93
*Viola palustris* subsp. *juresii* (Link *ex* Wein) W. Becker *ex* Cout. ........ 93
***Viola riviniana* Rchb.** ........ 82
*Viola silana* Merino ........ 82
***Woodwardia radicans* (L.) Sm.** ........ 28

Parques Naturais de Galicia | Fragas do Eume

galicia

9 788445 344521

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
*"Unha maneira de facer Europa"*
UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA